**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Mª Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, antes de entrar a tratar os asuntos incluídos na orde do día, don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, por ética profesional, prefire non estar no punto 4º da orde do día, polo que solicita do Sr. alcalde alterar a orde dos temas a tratar, e que sexa tratado primeiro o punto 5º relativo á solicitude de comparecencia, e posteriormente o punto 4º relativo á súa situación persoal como funcionario do Concello de Culleredo e concelleiro no Concello de Cambre con dedicación parcial, solicitude que é aceptada polo Sr. alcalde.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de data 29 de novembro, extraordinaria de 19 de decembro e ordinaria de 27 de decembro**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de novembro, extraordinaria de 19 de decembro e ordinaria de 27 de decembro de 2008.

Respecto do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de data 29 de novembro, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, solicita que se modifique a segunda alínea da páxina 50, pois onde di ".... e se non o sabe é porque na comisión informativa non se decatou." debe dicir ".... e se non o sabe é porque na comisión informativa non analizou suficientemente as actuacións realizadas polo equipo de goberno."

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta, que se modifica esa frase, non ten sentido o seguinte, onde se fai constar "Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que se decatou perfectamente pois non faltaron ás comisións informativas de Urbanismo."

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que como se trata dunha cuestión formal non ten inconveniente en que quede como está.

Non se formulan máis modificacións, polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar os borradores correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de novembro, extraordinaria de 19 de decembro e ordinaria de 27 de decembro de 2008.

**2º <u>Expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 1/2008</u>**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 24 de xaneiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 29 do actual.

Aberto debate, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vota a prol porque entenden que o servizo de Protección Civil é importante e, polo tanto, a adquisición dun vehículo supón un beneficio para os veciños de Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os catro concelleiros do BNG.

A corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 1/2008 por importe de 4.665,00 euros na partida orzamentaria "300.223.750 Transferencias Comunidade Autónoma Vehículo Protección Civil", financiada con baixa na partida "100.911.467 Consorcio As Mariñas".

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Dada a urxencia en dispoñer dos créditos, o expediente considérase inmediatamente executivo unha vez aprobado polo pleno, sen prexuízo das reclamacións que procedan.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerarase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

**3º Proposta da Alcaldía para adhesión ao convenio de colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Caixas de Aforro, a Unión Nacional de Cooperativas de crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es. para prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública**

Vista a proposta de Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 29 de xaneiro actual.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: A adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, A Confederación Española de Cajas de Ahorros, a Unión Nacional de Cooperativas, de Crédito e a Entidad Pública Empresarial Red.es para a prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública, no modo web service con validación de firma polo organismo "Anexo II-3", así como a aceptación de todas as condicións e términos do convenio de colaboración.

Segundo: Dar conta da adhesión ao convenio á Entidade Pública Empresarial Red.es.

4º **<u>Solicitude de comparecencia ante o Pleno da Corporación do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, presentada polos voceiros dos grupos municipais do PP, BNG, EU-IU e GM (PG)</u>**

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, en calidade de voceiro suplente do PP, dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao número 581 o 19 de xaneiro actual, e que literalmente se transcribe a continuación:

"O grupo municipal popular de Cambre, a través do seu voceiro adxunto, don Nicolás Cubeiro Martínez, ao abeiro do previsto no artigo 126 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Cambre e no artigo 105 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dentro do prazo conferido para o efecto, solicita a inclusión para o seu debate e aprobación no vindeiro pleno ordinario que terá lugar o día 31 de xaneiro de 2008 este acordo, sobre a base da seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses a actividade municipal do Concello de Cambre foi nula. Numerosos veciños se manifestaron en contra da xestión que o equipo de goberno viu realizando dende as pasadas eleccións municipais do 27 de maio de 2007 e que en gran medida foi herdada por unha neglixente actuación do alcalde que durante máis de dous décadas viu sendo do noso concello.

Pero a gravidade dos feitos acentuáronse pola actuación puntual dun dos principais responsables do equipo municipal. Sen ir máis lonxe, no pasado pleno formulouse, por parte do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, unha proposta de Relación de postos de traballo do Concello de Cambre de manifesta ilegalidade, similar á que no seu día se presentou nun municipio veciño e que o Consello de Contas, de xeito rotundo, declarou ser contrario á lei no seu informe do ano 2001. Esta proposta, unha vez constatada a falta de apoios que tivo, terminou por ser retirada antes do seu debate.

Ao longo desta lexislatura, foron outras as actuacións deste concelleiro delegado que provocaron a preocupación tanto dos membros da oposición como da inmensa maioría dos veciños de Cambre. A máis evidente e, en definitiva, a que dá fundamento a este requirimento, foi o procedemento de contratación como persoal interino de cinco auxiliares administrativos no concello. O noso grupo, a instancias dos seus concelleiros, dos afiliados ao Partido Popular e de numerosos veciños de Cambre, viuse na necesidade de solicitar a

comparecencia do responsable da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior utilizando a fórmula prevista no noso Regulamento orgánico municipal para que responda ás cuestións que se lle formulen acerca das numerosas deficiencias que observamos na tramitación deste expediente de contratación.

O Grupo Municipal de Cambre, no seu labor de fiscalización do goberno municipal, utilizando os instrumentos que o Regulamento de funcionamento desta corporación lle facilita, e en orde a que se clarifiquen as posibles irregularidades que se puideron cometer na tramitación do citado expediente de contratación, solicita do pleno da corporación de Cambre a adopción dos seguintes

ACORDOS

Único: Requirir ao concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior para que compareza ante o pleno do Concello de Cambre e para que responda ás seguintes preguntas:

1ª Cal foi o motivo de que por primeira vez na historia do Concello de Cambre se teña nomeado como presidencia dun tribunal de contratación a un funcionario doutro concello?"

Neste momento, don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, en lugar de ler as preguntas seguidas, sería máis práctico ir contestando unha a unha se así lle parece máis oportuno, e así se acorda pola presidencia.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que formularon unha consulta á secretaria e informoulles que, posiblemente, se responderían todas á vez.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non ten inconveniente, pero para a comprensión, sería máis fácil que a orde fose pregunta e, a continuación, resposta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez formula de novo a 1ª pregunta:

1ª Cal foi o motivo de que por primeira vez na historia do Concello de Cambre se teña nomeado como presidencia dun tribunal de contratación a un funcionario doutro concello?

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, primeiro, quería dicir a todos os compañeiros e asistentes á sesión, que está encantado e á vez sorprendido desta solicitude de comparecencia. Encantado porque supón un san exercicio democrático responder das

actuacións e responsabilidades que se teñen no exercicio do cargo público, e estranado, porque a inmensa maioría das preguntas que se formulan, equivocaron o seu destinatario, pero, non obstante, sométese a elas.

En canto á pregunta formulada, contesta que non sabía, nin ten constancia de que sexa a primeira vez, ou se ten habido outras anteriores, pero tampouco lle preocupa. Nas competencias que ten atribuídas, amparadas pola lexislación vixente, nomeou un tribunal que se publicou a súa composición debidamente polos cauces oportunos, e non sufriu ningunha impugnación. O tribunal está composto exclusivamente por funcionarios de carreira das diferentes administracións públicas como prevé a lexislación vixente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que a presidenta deste tribunal cre que ten 21 anos e, ademais, a secretaria do tribunal, por primeira vez na historia de Cambre, tampouco foi a secretaria da corporación, que é a responsable de que se cumpra a legalidade.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que esa pregunta non está formulada en ningún sitio.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que lle está respondendo.

O Sr. alcalde pide que se formule a pregunta, se conteste, e despois que se faga unha intervención do que formula a pregunta e unha contestación do relator, e pásase á seguinte pregunta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez formula a 2ª pregunta.

2ª Cal é o motivo de que a secretaria do alcalde teña sido a secretaria do tribunal?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que é unha decisión política que non conculca ningunha normativa pois senón tería sido impugnado.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que ata agora sempre foi a secretaria do concello a responsable de ser a secretaria dos tribunais porque ela é a responsable de que se cumpra a legalidade.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a secretaria seguirá sendo a responsable de que se cumpra a legalidade estea ou non estea nos tribunais. Que sexa un costume

inveterado neste concello non significa que non sexa legal nomear a calquera outra persoa e como é unha decisión política, asume esa responsabilidade política.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que a secretaria do concello foi sempre a secretaria dos tribunais e ademais é unha habilitada nacional que pode ser secretaria en Cambre, en Sevilla ou en Madrid, en cambio don Francisco Javier Varela Tejedor colocou a secretaria do alcalde que entrou como cargo de confianza e que é afiliada ao PSdeG-PSOE, e cre que iso non é independencia.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que el nomeou a unha funcionaria de carreira deste concello cunhas oposicións aprobadas legalmente e á marxe de cal sexa o seu posto de traballo concreto neste momento.

Pregunta número 3.- Na anterior lexislatura o alcalde tivo dúas secretarias. A que o foi do tribunal ingresou no seu momento no cadro de persoal municipal como persoal de confianza e posteriormente obtivo unha praza como funcionaria. A outra secretaria do alcalde na anterior lexislatura obtivo unha praza como interina no procedemento sobre o que estamos debatendo, pretenderon con isto facilitarlle que nun futuro obteña unha praza de funcionaria?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que saben que os méritos de traballo nunha administración puntúan de xeito importante para os vindeiros expedientes.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que obtivo unha praza interina polo procedemento legalmente establecido, cun baremo aprobado, valorado por un tribunal legalmente constituído e que non foi sometido a ningún proceso de impugnación nin de revisión.

Pregunta número 4.- Como explica que algunha das candidatas teña presentado como méritos dous certificados da fundación da que vostede é vicepresidente pola participación en dous cursos que non aparecen na memoria de actividades desa fundación?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que si aparecen na memoria de actividades da fundación e os certificados desa fundación son correctos legalmente e pódese dirixir á fundación para que lle certifiquen a legalidade deses certificados. Por outro lado, analizado o expediente, o que figura nel é unha fotocopia compulsada polo funcionario do rexistro municipal.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que claro, a fotocopia está compulsada, pero o certificado está asinado por don Francisco Javier Varela Tejedor, e non ten o selo da entidade. Concretamente, hai dous certificados. Segue dicindo que ten unha fotocopia da memoria da fundación na que o vicepresidente da área institucional di, e le literalmente: "que se importante foi a inauguración do novo domicilio social da fundación no que respecta ao seu funcionamento orgánico, máis importante foi o desenvolvemento dun proxecto que naceu o mesmo día en que naceu a fundación", e segue dicindo, "ademais diso, cumpriuse o resto da programación anual coa celebración de cinco conferencias, cinco seminarios, tres mesas redondas e dous actos literarios...." isto o di un vicepresidente compañeiro de don Francisco Javier Varela Tejedor. Consta na páxina web da fundación e hai un saúda do presidente que di: ".... Na nosa páxina poderá informarse das actuacións da fundación, mesas redondas, conferencias, seminarios, certames literarios, edición de monografías, revista, criterios", pero para nada fala de cursos de formación, porque non é para iso para o que está esta fundación. Ten o que aparece en internet e para nada aparecen cursos de formación nin nada que se lle pareza.

Don Francisco Javier Varela Tejedor repite que eses cursos se realizaron e que ten fácil comprobación. Ademais normalmente todas as entidades deste tipo que non son lucrativas realizan cursos para obter subvencións. Reitéralle que pode dirixirse oficialmente á fundación solicitando a certificación pertinente.

Pregunta número 5.- Ao grupo municipal do Partido Popular de Cambre gustaríalle saber como é posible que dous das candidatas seleccionadas teñan participado no mesmo curso e os certificados que presentan teñen distintas horas de duración.

Engade que ten un certificado con 30 horas e outro certificado sobre a mesma materia, mesma data, etc., e ten 20 horas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non o sabe, non forma parte do tribunal e non ten por que valorar eses certificados porque non forma parte do tribunal. Dille que non faga demagoxia, porque estalle a dicir que el non forma parte do tribunal, que por primeira vez na historia de Cambre se nomeou un tribunal sen ningún político en cumprimento do Estatuto da función pública, e el non analiza a validez ou non dos certificados que se presentan, iso analízao o tribunal. O tribunal cumpriu o seu labor, valorou os méritos e non houbo ningunha reclamación de petición de revisión das puntuacións.

Don Nicolás José Cubeiro Martinez contesta que si houbo reclamacións.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que as houbo e se resolveron.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que se resolveron sen responder adecuadamente.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se resolveron e non houbo recurso posterior. O labor revisor dos tribunais correspóndelle aos tribunais de xustiza e non lle corresponde a el como concelleiro delegado. Don Nicolás agardou a que non houbese posibilidade de recurso de revisión porque as súas preguntas son estritamente políticas e demagóxicas. Tivo prazo para recorrer á vía xurisdicional e non recorreu, por algo será.

Repite que os membros políticos da corporación non teñen capacidade ningunha para revisar as actuacións dos tribunais, son independentes por disposición legal e só son revisables en vía xurisdicional.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que eles non o presentaron antes porque don Francisco Javier Varela Tejedor estalles dando moito traballo.

O Sr. alcalde pídelle que se centre no tema.

Don Nicolás contesta que lle está respondendo, teñen que revisalo todo porque non poden confiar nel, e dálles moito traballo pois eles non teñen funcionarios que lles fagan ese traballo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que fan ben, pois é o seu labor de oposición.

Pregunta número 7.- Cal foi o criterio para concederlle a unha das candidatas a máxima puntuación en experiencia no sector privado se unicamente traballou nun estanco?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non o sabe, que pregunte ao tribunal.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que claro que lle terá que preguntar ao tribunal, pero pregunta se a relación profesional e persoal con cargos desta corporación non ten nada que ver na decisión.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non entende a pregunta, ao que don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que entendeuno perfectamente.

Pregunta número 8.- Como explica que tres das seleccionadas, e casualmente as beneficiadas por todas estas supostas irregularidades pertenzan ao medio do partido socialista ou dalgún membro do equipo de goberno de Cambre?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que tampouco o sabe. Houbo cinco seleccionados, un deles renunciou e substituíuse pola seguinte, e el non analizou nin valorou os méritos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que este expediente está inzado de casualidades.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que as casualidades non son del, a valoración é do tribunal, e o que ten que facer é dirixirse ao órgano xurisdicional competente para determinalas. Por outra parte, dille que, non o PP ao que representa como voceiro adxunto, senón o Sr. Cubeiro como voceiro adxunto, formula estes temas dunha forma, para el, totalmente carente de lexitimidade moral, non política.

Segue dicindo que é difícil levar tan lonxe a falta de pudor político á que está chegando o Sr. Nicolás, que ten unha empresa que deu exemplos constantes do seu valor cívico como empresario e como cidadán. Non hai nada máis que botar unha ollada á exemplaridade da súa conduta cando se ven continuas denuncias por vertidos e recheos irregulares no polígono do Espíritu Santo sen autorización de ningún tipo, vertidos que ordenan a unha empresa que el sabe cal é, e que consta en informes policiais de decembro do 2007. Tamén ocupou zonas verdes de dominio público.

Don Nicolás José Cubeiro manifesta ao Sr. alcalde que isto chegou a un nivel tan baixo e tan vil, que neste momento vaille pasar á Sra. secretaria uns documentos que se corresponden coa licenza de actividade da súa empresa.

O Sr. alcalde contéstalle que eses documentos xa constan no concello e pide que se siga co debate.

O Sr. Cubeiro responde que isto non é un debate.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que el non terminou, el non interrompeu a don Nicolás, e el aínda non terminou.

Neste momento don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que está completamente seguro que se don Francisco Javier Varela Tejedor quere que don Nicolás Cubeiro compareza para que dea boa conta da súa actividade profesional, non lle cabe a menor dúbida de que don Nicolás Cubeiro comparecerá para dar conta, pero neste momento estase analizando a actividade de don Francisco Javier Varela Tejedor.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que el non está fiscalizando nada, está comentando no pleno determinados feitos que figuran nos expedientes.

Don Felipe Andreu responde que pida no vindeiro pleno que don Nicolás Cubeiro compareza e que non intente poñer cortinas de fume.

O Sr. alcalde pide que o debate se centre na comparecencia solicitada polos voceiros dos grupos municipais, e que se limite a contestar ás preguntas presentadas. Solicita que non se saquen as cousas de contexto e que xa se tratarán estes temas en futuros plenos.

Don Felipe Andreu Barallobre solicita que conste en acta que don Francisco Javier Varela Tejedor acusou a don Nicolás José Cubeiro de actos constitutivos de delito, tipificados no Código Penal, para os efectos oportunos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que el aínda non rematou a súa intervención. Quere deixar constancia de que o funcionario do Concello de Culleredo que suscitou tantas dúbidas neste expediente tamén forma parte dos tribunais do proceso de contratación de funcionarios que se está a levar a cabo nestes momentos en Cambre, e, hai unha persoa que estando de baixa nestes momentos, acude de todos os xeitos aos tribunais, e pregunta se esa persoa é imprescindible ou se é que non serve o seu suplente.

Continúa dicindo que na exposición de motivos tamén fixo referencia a outros asuntos que preocupan moito aos concelleiros, afiliados e simpatizantes do PP. Un deles é o tema da relación de postos de traballo que don Francisco Javier Varela Tejedor tentou aprobar no pleno do pasado decembro, modificando a estrutura e organización do concello, e sinala que a solución ao pésimo funcionamento deste concello non está en cambiar o modelo organizativo, senón en cambiar ao Sr. concelleiro e ao Sr. alcalde que son os máximos responsables da situación, e os que transmiten a súa desidia aos funcionarios.

Para rematar a súa intervención, don Nicolás José Cubeiro Martínez quere preguntarlle a don Francisco Javier Varela Tejedor por que se presentou ás eleccións en Cambre cando non vive nin viviu nunca en Cambre, non traballou en Cambre, e non naceu en Cambre.

Don Francisco Javier Varela Tejedor considera que esta pregunta non procede pero que lle vai contestar. En primeiro lugar veu porque constitucionalmente ten dereito a vir, non é mérito preferente vivir en Cambre, quería traballar e está tentando facelo o mellor posible a pesar do seu labor de oposición pouco construtivo.

Continúa dicindo que en resposta ás preguntas concretas que lle fixo, a persoa que presidiu o tribunal non ten 21 anos, senón uns 37 ou 38, que ademais é funcionaria de carreira dun concello como este. Ademais, o feito de que agora estea noutros tribunais é unha decisión totalmente legal, e incluso cando se nomearon os tribunais eles non impugnaron. Xa no seu momento en relación coas prazas interinas das que se está a tratar se contestou unha pregunta dalgún dos grupos respecto deste nomeamento sen que houbera matización de ningún tipo. Esta persoa é un funcionario como calquera outro e, en principio, non ten porque ter ningunha dúbida da súa honestidade persoal, como tampouco da de ningún outro membro do tribunal. A súa actuación non sabe se é discutible ou non, e, en canto ao tribunal, o seu nomeamento puido ser discutido en vía xurisdicional e administrativa, e non se fixo.

Continúa dicindo que, en canto á persoa que está de baixa, el non é quen para dicirlle se ten que vir ou non ao tribunal. Esta persoa fixo unha consulta ao Servizo de Persoal e parece ser que se lle informou que non era incompatible, e, polo tanto, o feito de que veña ao tribunal é unha decisión persoal.

Por último, en canto á relación de postos de traballo manifestamente ilegal á que fixo referencia o Sr. Cubeiro, ten diante a decisión do Tribunal de Contas e unicamente fai referencia aos procesos de selección de persoal temporal. Non está declarada inconstitucional, senón que simplemente se trata dun informe do Tribunal de Contas en relación a que o sistema de acceso de persoal temporal non cumpre cos principios de mérito e capacidade, pero iso non se cumpre nin aquí nin en Culleredo, faise cuns requisitos mínimos. En todo caso, conclúe, a responsabilidade sería da corporación municipal do Concello de Culleredo, da cal el non forma parte.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que o que di o Consello de Contas é que o Gabinete de Alcaldía do Concello de Culleredo, que o Sr. Tejedor preside, ten adscritos postos de traballo que lle corresponden á Secretaría municipal, e iso é o que tenta facer aquí, quitarlle funcións. Tamén consta no expediente a concesión dun premio especial de antigüidade que consiste nunha semana adicional de vacacións que vulnera o disposto pola lei. Tamén di que as retribucións do Sr. Tejedor son superiores ás que corresponderían a un funcionario da súa categoría.

Para finalizar, don Nicolás José Cubeiro quere lembrar que o Partido Popular ten a convicción de que debe gobernar o partido máis votado, e nese convencemento facilitáronlles todo o que solicitaron no pleno, como por exemplo o persoal de confianza solicitado e o tema dos horarios dos concelleiros, pero iso fixérono para que puideran gobernar con garantías, non para que manexen o concello ao seu antollo e para os seus propios intereses.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o Consello de Contas non di en ningunha parte que esa relación de postos sexa manifestamente ilegal e, en en todo caso, é un tema dos políticos de Culleredo. En canto ao tema do premio especial de antigüidade, el simplemente se acolle ao disposto no convenio colectivo asinado polos traballadores e polo Concello de Culleredo, e non é o seu problema o tema da legalidade ou ilegalidade deste convenio. E respecto da presunta ilegalidade das retribucións que percibe, o Sr. Nicolás Cubeiro descoñece que existe un recurso posterior, e que lle pode facilitar cando queira a resolución do Consello de Contas na que se lle recoñece o dereito a percibir esas retribucións en virtude dunha orde ministerial do Ministerio de Fomento.

Don Nicolás José Cubeiro contesta que presentaron vinte alegacións ao citado informe, e non lles admitiron ningunha.

A continuación, o Sr. alcalde concédelle a palabra ao voceiro do BNG, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao número 598 o día 21 de xaneiro actual, e que literalmente se transcribe a continuación:

“Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do grupo municipal do BNG de Cambre

Expón:

Que no vixente Regulamento orgánico municipal recóllese nos seus art. 122.1 d) e, 126, a comparecencia diante do pleno dos concelleiros ou concelleiras que ostenten delegacións de áreas de goberno, a petición do voceiro dun GM. Baseándose nestas previsións do ROM, e como voceiro do GM do BNG de Cambre

Solicito:

A comparecencia do concelleiro delegado de Presidencia e Planificación, D. Javier Varela Tejedor, diante do pleno ordinario da corporación municipal de Cambre do vindeiro xoves,

31 de xaneiro, en relación co seguinte asunto e, co fin de que responda ás cuestións que se relacionan:

Asunto: A convocatoria e resolución do concurso para cubrir cinco prazas interinas de auxiliar administrativo celebrado no mes de agosto de 2007.

Examinado o expediente mencionado, temos encontrado indicios contrastados de que as actuacións recollidas neste expediente e a súa resolución final, amosan dun xeito inequívoco, diferentes irregularidades que, ao cabo, deron lugar a que foran aprobadas persoas con menos méritos que outras, que quedaron excluídas.

Tentando esclarecer as presuntas irregularidades e garantir que nos procesos de selección de persoal de Cambre se cumpren todas as condicións que marcan as leis para o acceso ao emprego público, "publicidade, mérito e capacidade", e que, ademais, as actuacións dos tribunais estean definidas pola imparcialidade, a ecuanimidade e a independencia, é polo que, segundo o procedemento recollido no vixente Regulamento Orgánico Municipal, formulamos as seguintes preguntas."

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo fai un inciso para sinalar que, como no caso anterior, entende que se lle contestarán as preguntas segundo as vaia facendo, polo que dá lectura á primeira delas.

1ª pregunta: Cal foi o órgano colexiado ou responsable político que nomeou ás persoas que formaron parte do tribunal que valorou este concurso de provisión de postos de auxiliares administrativos?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que el.

Don Henrique Xabier Iglesias sinala que realmente xa coñecía a resposta dado que así consta no folio 2º dos 1.200 que ocupa o expediente, de data 17 de xullo, que é o segundo día hábil despois de que o pleno da corporación formalizara o novo goberno o venres 13 de xullo de 2007. Dá lectura a composición do tribunal para as prazas interinas e salienta a présa que se deu para levar a cabo esta convocatoria.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non pensa que iso sexa reprobable e que responde a unha proposta dos servizos técnicos que recollen a urxencia por cubrir unhas determinadas prazas, precisamente a proposta dos concelleiros do equipo de goberno anterior.

Don Henrique Xabier Iglesias di que só quere deixar claro que a elección das persoas que compoñen o tribunal, e especialmente o nomeamento da presidenta e da secretaria, se fixo polo Sr. concelleiro, e con iso entende que xa contesta tamén á segunda pregunta presentada polo seu grupo, que se refire a quen designou, de entre os seus compoñentes, á presidencia e secretaria de dito tribunal.

3ª pregunta: Cal é a relación laboral ou administrativa que existe, ou que existiu, entre o concelleiro delegado de Presidencia e Planificación do Concello de Cambre e, ao tempo, xefe do gabinete técnico da Alcaldía de Culleredo, e a funcionaria, técnica de recursos humanos do Concello de Culleredo, Dna. Karina Díaz Arluna, nomeada presidenta deste tribunal?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que unha mera relación laboral.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que iso xa o sabe, dado que ambos son funcionarios do Concello de Culleredo, pero que o que quere saber é concretamente en que consiste esa relación laboral dentro da xerarquía administrativa dese concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que no momento de nomear o tribunal esta funcionaria non tiña ningunha relación laboral nin administrativa con el. Hai anos esa persoa formou parte do equipo técnico adscrito ao Gabinete de Alcaldía do Concello de Culleredo ao igual que outras persoas, pero que no momento de nomear o tribunal non existía ningunha relación, antes si.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que no seu momento si existiu esa relación de xerarquía.

4ª pregunta: Pode informar ao pleno sobre cal é a función e destino que a funcionaria Mª Cruz Regueira del Caz, compoñente do tribunal e nomeada secretaria deste, ten desde que se incorporou ao Concello de Cambre, primeiro como persoal eventual de confianza e, máis tarde, como funcionaria?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que segundo a Relación de postos de traballo é auxiliar administrativa adscrita á Alcaldía.

5ª pregunta: Vistos os resultados deste concurso, considera que a actuación do tribunal foi totalmente imparcial, tendo en conta que entre as persoas designadas como compoñentes do tribunal, e secretaria deste, estaba a funcionaria do Concello de Cambre Mª Cruz Regueira

del Caz, que ven sendo secretaria do alcalde socialista de Cambre desde a súa entrada no Concello?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non ten porque dubidar da honestidade de ningún dos membros do tribunal, así que, salvo que alguén diga o contrario, a súa actuación é imparcial.

6ª pregunta: Considera vostede que o tribunal aplicou en todo momento, nas súas actuacións e propostas, as bases da convocatoria?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que ao non existir ningún recurso que permita a revisión das actuacións, non ten porque facelo, e que polo tanto non o fixo. Os responsables políticos non valoran as actuacións dos tribunais agás que haxa recursos administrativos, e incluso nestes casos son os tribunais de xustiza os que deberían revisar ditas actuacións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que pensa que se está a partir dun erro. O que se está a facer no pleno non é presentar un recurso de reposición ou un recurso contencioso, o que están valorando e xulgando é a actuación política do responsable político dos procesos de selección. El tivo relación xerárquica coa persoa que designou presidente do tribunal e, efectivamente, descoñece se houbo recurso, pero si lembra que o grupo do BNG interesouse por este tema, pois chocoulles, e formularon unha pregunta que foi contestada nas comisións informativas ordinarias de agosto de 2007 e que se refería a se a inclusión de funcionarios públicos do Concello de Culleredo nalgún dos tribunais implicaba falta de confianza nos traballadores municipais ou que non se consideraba capacidade suficiente neles para avaliar estas probas. A esta pregunta contestou o Sr. Varela Tejedor que *"Respecto da presenza do funcionario de Culleredo, non é unha falta de confianza, senón unha proba, e será algo que haberá que facer a miúdo, porque, coa nova lei da función pública, os membros do tribunal teñen que ser funcionarios de carreira, e neste concello hai poucos. Por iso se chama aos funcionarios doutras administracións, a ver que tal funciona a cousa, e a experiencia foi satisfactoria e cumpriu cos obxectivos.".* Segue dicindo que esta frase misteriosa non a entendía, pero, pasados os meses, agora finalmente entende o que o Sr. Varela Tejedor quería dicir con esa frase de "cumprir cos obxectivos".

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o Sr. Iglesias está terxiversando a súa referencia aos obxectivos a acadar.

Don Henrique Xabier Iglesias expón que o que non entende é que unha vez que se presentaron unha serie de alegacións ao procedemento porque había xente que discrepaba

respecto da valoración dos méritos, o que lle estraña é que o responsable político non tivera á mínima preocupación por comprobar que as cousas estiveran ben. Eles, en exercicio do labor de fiscalización que ten a oposición, estudaron o expediente, e o incumprimento das bases da convocatoria é flagrante. Incumpríronse totalmente as regras de xogo e así se demostrará ao longo da sesión.

Don Francisco Javier Varela Tejedor volve sinalar que ningún responsable político pode entrar a valorar a actuación do tribunal se non existe un recurso. As reclamacións foron resoltas polo propio tribunal, e facían referencia a puntuacións concretas, e unha vez resoltas non houbo ningún recurso posterior, polo que el non pode entrar a revisar porque iso sería entrometerse no labor e na independencia do tribunal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que neste momento están facendo unha valoración política.

7ª pregunta: Cales son, ao seu xuízo, os criterios para dar como válidos e demostrables os períodos de tempo traballados na empresa privada en postos de auxiliar administrativo ou similares, aos efectos de lles poder adxudicar 0,10 ptos. por mes traballado.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, volve repetir unha vez máis, que a valoración non a fixo el, senón o tribunal, e non foi sometida a cuestionamento ningún.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que o Sr. concelleiro fai algo perigoso con respecto aos funcionarios que designou, bótalles a culpa para non tela el.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que el non está a botar a responsabilidade a ninguén, o que ocorre é que os tribunais teñen unhas funcións que son valorar uns méritos, e para iso seguen os criterios que eles mesmos se fixan. A lei non admite ningunha intromisión no labor deses tribunais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que iso non é así, recoñece que os tribunais poden fixar uns criterios propios nas valoracións que fan, pero o que non poden facer e non cumprir coa legalidade. Neste caso as bases fixaban os documentos que servían para xustificar a experiencia laboral, e en moitos dos casos iso non se tivo en conta, e eses casos coñéceos o Sr. Varela Tejedor, persoas que tiñan máis méritos que as seleccionadas.

8ª pregunta: Hai outros, ao seu xuízo, documentos que poidan substituír á presentación do contrato de traballo e, "en todo caso", -como din as bases da convocatoria- á certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non o sabe.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que non se explica como é que cando son as bases da convocatoria as que recollen os documentos que se deben ter en conta para xustificar a experiencia laboral, hai unha persoa que acada a máxima puntuación presentando unicamente unha fotocopia da declaración da renda, e outra consigue esa mesma puntuación declarando que traballa para unha empresa na que non figura na vida laboral, e coincidindo ademais con que nese período está cobrando o paro.

Don Francisco Javier Varela Tejedor reitera que non é el quen ten que valorar estas cousas.

Don Henrique Xabier Iglesias contéstalle que claro que as ten que valorar porque foi el o que aprobou as bases da convocatoria, nomeou ao tribunal e, finalmente, resolveu a incorporación das persoas.

Continúa dicindo que a estas prazas se presentaron 75 persoas, e pregúntase por que, dada a flexibilidade do tribunal nalgúns casos, houbo outros como foi o caso do expediente 64 no que non se lle valorou a experiencia laboral a un aspirante porque o documento que achegaba era unha sentenza xudicial da que, por outra parte, se derivaban claramente as súas funcións e o traballo desempeñado. Pola contra, si se admitiron cousas tan estrañas como foi un certificado emitido por unha asesoría que dicía que unha das aspirantes levara a cabo funcións de auxiliar administrativo, pero sendo empresaria-clienta desa asesoría, non traballando para ningunha empresa. Esta persoa levou os 8 puntos máximos por experiencia laboral, e precisamente trátase da que foi anterior secretaria do grupo de goberno socialista.

9ª pregunta: Hai, ao xuízo, do Sr. Varela Tejedor algunha diferenza entre un "documento informativo da vida laboral" e unha "certificación da vida laboral".

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non o sabe, que pregunte a un asesor laboral, e volve salientar que non ten porque entrar a valorar a independencia dos tribunais nas súas actuacións e xurisdición.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que as bases esixían documentos de certificación para valorar os méritos e a certas persoas pasóuselles con meros documentos informativos. Explica a diferenza que hai entre unha certificación da Seguridade Social, que acredita a veracidade dos feitos, e non un simple documento que pode ter un valor informativo.

10 ª pregunta: Considera, o Sr. Varela Tejedor, que ser ou ter sido empresario/a é mérito a ter en conta no concurso do que estamos a falar, co fin de puntualo da mesma maneira que o "traballo na empresa privada, en postos de auxiliar administrativo ou similar", como din as bases?

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que podería ter unha opinión sobre este tema se tivera sido membro dun tribunal, como non o foi, non pode opinar sobre este tema. Haberá que acudir ás actas do tribunal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo cre que neste caso si que debeu de ser considerado como mérito porque é o único que explica a máxima puntuación de 8 puntos outorgada a Mª José Muñíz que era empresaria, autónoma, e non auxiliar administrativa.

Don Francisco Javier Varela Tejedor recoñece a súa responsabilidade no nomeamento do tribunal, pero non é un inquisidor da súa actuación, os tribunais son independentes na súa actuación. Se calquera interesado tivera presentado un recurso en tempo e forma, teríase revisado, pero non se pode revisar de oficio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non está facendo unha revisión do tribunal, senón do señor concelleiro.

11ª pregunta: Considera aceptable que un diploma por un curso de 60 horas sobre aplicacións informáticas de oficina ten relación co posto de traballo de auxiliar administrativo e, polo tanto, pode considerarse mérito e adxudicarlle 0,75 ptos. na fase de concurso?

Don Francisco Javier Varela Tejedor repite unha vez máis que, aínda que en principio poida pensar que si ten relación, a súa función non é estimar iso, e reitera que el non estaba no tribunal e non valorou os méritos.

Don Henrique Xabier Iglesias amosa a súa satisfacción con esta resposta, porque precisamente ao tribunal ese diploma non lle pareceu aceptable e puntuou a unha aspirante con 0 puntos, cando de telo puntuado tería superado a unha das persoas designadas como funcionario.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que está criticando a valoración do tribunal, e da valoración de méritos non é responsable.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo conclúe que a culpa é da oposición, que son malísimos.

12ª pregunta: Pode informarnos se o departamento de persoal fixo a valoración e validación da documentación achegada polas persoas concursantes ou se isto foi realizado polo tribunal, e 13ª pregunta: Quen ditaminou se a documentación achegada cumpría cos requisitos da convocatoria?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se se refire a documentación de cumprimento de requisitos, fíxose en Persoal, e se ao que se refire é a valoración de méritos, esa correspondeu ao tribunal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo fai referencia ao feito de que nalgunhas administracións se faga unha especie de criba previa polo Departamento de Persoal, facendo logo unha proposta ao tribunal respecto da validez da documentación achegada.

Don Francisco Javier Varela Tejedor sinala que o feito de que non se fixera esa valoración polos técnicos municipais non fai que o proceso sexa ilegal, cumpriuse co que fixa a lei.

Don Henrique Xabier Iglesias recoñece que claro que non é ilegal, pero que quere constatar que non se fixo.

14ª pregunta: Considera o Sr. Varela Tejedor que preguntar aos concursantes, durante a entrevista, por temas como:

- que pasa se o último día dun prazo é domingo?
- cres que a mesa de contratación é un órgano colexiado e por que?
- no procedemento negociado sen publicidade deben mandar un mínimo de 5 invitacións?
- fases de ordenación dun expediente?
- cal é o prazo para notificar unha resolución?
- se non se sinalan os prazos, son días naturais ou hábiles?
- que é a maioria absoluta?
- cal é o prazo para notificar unha resolución?

se corresponde co estipulado nas bases da convocatoria, en canto aos contidos da entrevista? É dicir, para ser máis claros, son de carácter "curricular"?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que iso depende do currículo que teña presentado cada un, se alguén presentou un currículo do que se deriva que entenden de procedementos administrativos, contratación, etc., si tería sentido, senón non.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo fai referencia á acta que se levantou sobre o contido das entrevistas realizadas, e na que se demostra que o que se fixo foi unha proba de coñecementos que non está nas bases. A base 7ª fala concretamente dunha entrevista curricular, e o feito de que os aspirantes non teñan presentado un recurso non implica que isto non sexa un incumprimento das bases.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que el non estivo no tribunal, pero considera que se cumpriu co principio de igualdade.

15ª pregunta: Independentemente do sentido da resposta á anterior cuestión, parécelle equilibrado que a algún dos concursantes se lles fixeran tres preguntas e a algún outro até oito?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non estaba presente cando se fixeron as preguntas, pero entende que as preguntas a maiores se derivarían das preguntas iniciais, por considerar o tribunal que era necesario aclarar algún tema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que iso non foi así. Eran preguntas totalmente independentes sobre temas de coñecementos de procedemento administrativo.

Don Francisco Javier Varela di que non ten por que contestar, pois sería unha intromisión e acusa a don Henrique Xabier Iglesias de que se está entrometendo no labor do tribunal.

16 ª pregunta: Abondando na mesma liña, considera que as cualificacións outorgadas ás persoas entrevistadas son proporcionadas ás respostas dadas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que dado que non coñece as respostas dadas non sabe se as cualificacións son proporcionais.

O Sr. Iglesias pon como exemplo o caso de dúas persoas, unha que entrou e outra que non, ás que se lles fixeron as mesmas preguntas, a unha se lle deron 2,55 puntos sobre 3 que era o máximo, e á outra 0,25, e tras dar lectura ás respostas que deron cada unha delas, manifesta a súa incomprensión sobre como se puido outorgar unha puntuación tan dispar.

O Sr. Varela Tejedor reitera que xamais se vai entrometer na decisión dun tribunal.

17ª pregunta: Nas bases da convocatoria figura que se valorarán os cursos de formación directamente relacionados co posto de traballo e expedidos por organismos oficiais. Que entende, o Sr. Varela Tejedor, por "Organismos Oficiais"?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o que el entende por organismos oficiais non ten nada que ver co que pode entender o tribunal, pois el non estaba examinando.

Don Henrique Xabier Iglesias dille que dado que el aprobou estas bases, debería vixiar que se tiveran cumprido.

Don Francisco Javier Varela di que non foi el quen aprobou as bases, senón que xa estaban aprobadas pola anterior corporación.

O Sr. Iglesias recoñece ese feito, pero sinala que se non estaba de acordo con elas estaba nas súas mans a posibilidade de cambialas.

18ª pregunta: Cualificaría como "organismo oficial" a unha academia, unha consultora, unha fundación privada, unha asociación ou unha asociación ou federación de empresas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille que entón mellor é que non vexa o expediente, porque as persoas que el nomeou como membros do tribunal incumpriron isto en reiteradas ocasións.

19ª pregunta: Queremos saber se, segundo a súa opinión, a Generalitát de Catalunya é un "organismo oficial" ?

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que para el non o é. Non é un organismo oficial, senón unha institución oficial.

Don Henrique Xabier Iglesias pregunta entón se lle parece ben que non se valorase un curso de 246 horas da Generalitát e que segundo o programa tiña bastante que ver coas funcións a desenvolver por un auxiliar administrativo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor reitéralle que o que el considere non vale para nada para os efectos que lle están formulando, é unha opinión a título persoal que tería validez se el formara parte do tribunal.

20ª pregunta: Considera que o tribunal se cinguiu de maneira estrita a esta prescrición -a de que foran emitidos os diplomas ou certificacións por organismos oficiais- á hora de valorar os méritos das persoas concursantes?

Don Francisco Javier Varela Tejedor repite que non valorou a decisión do tribunal porque non se lle deu a posibilidade legal de valoralo.

21ª pregunta: Pode explicar, atendendo ao estipulado nas bases da convocatoria, os 7,60 ptos. acadados por experiencia laboral e os 3 ptos. (o máximo) na valoración de cursos, que se lle adxudicaron a Marta Patiño López, e que foron determinantes, xunto coa puntuación acadada na entrevista para que quedara como primeira no concurso?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non llo pode explicar porque non viu o expediente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo explica que aínda que o BNG tentou ver o expediente con espíritu flexible, e non á baixa, o máximo que conseguiron foi 1,15 puntos por cursos e o tribunal dálle 3, e 1,60 puntos por traballar na empresa privada. Pensan que por moi equivocados que poidan estar na valoración, a equivocación non pode chegar á diferenza de puntuación que se acada de 7,60 puntos.

22ª pregunta: Pode explicar, atendendo ao estipulado nas bases da convocatoria, como se outorgaron 8 ptos. (o máximo) por experiencia laboral e 2,15 por valoración de cursos á concursante Guadalupe Carlavilla Rodríguez, que xunto coa puntuación acadada no concurso, foron determinantes para que fora designada funcionaria interina?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que supón que estará reflectido na acta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contéstalle que non. Na acta non figuran os documentos que se aceptaron para a valoración. Neste caso a eles sáelles unha puntuación de 1,75 por cursos e 0 puntos por vida laboral, e que conste que coñecen a esta persoa en concreto porque traballou como persoal de gabinete, pero non achegou a documentación que se lle requería, e esa foi a mesma razón para que se rexeitase a outras persoas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor dille ao Sr. Iglesias que está a levar a cabo un labor de revisión da actuación dun tribunal que non lle corresponde, ademais, esta persoa da que está a falar non chegou a tomar posesión.

Don Henrique Xabier Iglesias recoñece este feito, pero fai constar que se non o fixo foi por unha razón persoal, pero o Sr. concelleiro asinou a resolución de designación como funcionaria.

Don Francisco Javier Varela Tejedor explica que el ten a obriga legal de asinar a proposta do tribunal, non pode elixir, aínda que a revisase e a comprobase.

Don Henrique Xabier Iglesias fai referencia a un caso concreto dunha aspirante á cal non se lle valoraron 20 anos de traballo por non ter presentado os contratos de traballo, e salienta a diferenza de trato entre uns casos e outros.

23ª pregunta: Pode explicar, atendendo ás bases da convocatoria, en que se fundamentan os 8 ptos. (o máximo posible) por experiencia laboral na empresa privada e, os 2 ptos. acadados pola valoración de cursos, da concursante Mª José Muñíz Fernández, que xunto coa excelente puntuación da entrevista determinaron a súa designación como funcionaria interina?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que se remite á acta da oposición.

Don Henrique Xabier Iglesias expón que no cálculo que fixeron eles sáenlles 0 puntos na valoración da experiencia laboral, pois non ten mérito ningún demostrable de traballar na empresa privada nin na pública, e o tribunal deulle 8 puntos (o máximo). En canto aos cursos realizados andan bastante aproximados, déronlle 2 e a eles sáelles 1,8 puntos. En total tería que dar 2,80 puntos e estaría fóra.

24ª pregunta: Ten algunha explicación para que varios certificados firmados por vostede, como vicepresidente de relacións institucionais e programas do Instituto de Estudios Políticos e Sociais, e que foron achegados como mérito por diferentes concursantes – Mª José Muñíz, Guadalupe Carlavilla – se refiran a cursos de formación que non aparecen recollidos en ningunha das memorias de actividades do mencionado Instituto? Será, ademais, un erro na emisión que ningún dos mencionados certificados que vostede asinou inclúan o selo do IEPS?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que xa respondeu a esta pregunta. Comprobou que eses cursos se ofertaron na fundación. Non todos os cursos figuran na memoria, en especial os de formación que se levan a cabo para acadar subvencións. En todo caso, como xa lle indicou ao Sr. Cubeiro, deberían dirixir unha petición formal ao Instituto do que, por outra banda, forman parte membros destacados dos diferentes grupos políticos, para que lles certifiquen este tema. En todo caso cre recordar que se trata de cursos de hai 7 ou 8 anos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que lle estraña que non se faga ningunha mención a ese tipo de cursos na memoria do instituto.

O Sr. Varela volve a dicirlle que é fácil de comprobar se eses cursos se levaron a cabo.

O Sr. Iglesias manifesta tamén a súa estrañeza sobre o formato que teñen eses certificados. Di que os certificados, sexan de institucións ou de asociacións, deberían ir asinados polo secretario da entidade. Tamén é verdade que algunhas veces vense diplomas nos que, ademais do secretario, asina o alcalde ou o presidente, pero que asine o vicepresidente de Relacións Institucionais e que o faga nun folio cun membrete que el utiliza para o seu traballo como persoal do Instituto, estráñalles.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o único que el viu foi unha fotocopia dun certificado compulsada por un funcionario de rexistro deste concello. Nese momento, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo interpela ao Sr. Varela Tejedor e pregúntalle que di, se ese certificado está asinado polo propio Sr. Varela Tejedor.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que el o que comprobou é que ese curso está realizado e é moi fácil solicitar a certificación oficial correspondente

25ª pregunta: Ten algunha explicación a que, entre as persoas que acadaron maior puntuación e foron nomeadas funcionarios interinos, figuren as dúas secretarias do grupo de goberno socialista de Cambre na anterior lexislatura.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que supón que é porque obtiveron as maiores puntuacións a xuízo do tribunal.

26ª pregunta: Para rematar, pode contestar o Sr. Varela Tejedor se en todo este expediente ten encontrado algunha irregularidade ou se, pola contra, considera que se cumpriron escrupulosamente as bases da convocatoria e o tribunal actuou co rigor e ecuanimidade esixible?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que as irregularidades atopounas o Sr. Xabier, e reitera que non é o seu labor nin función política fiscalizar o labor dun tribunal, agás que haxa recursos, que non é este caso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non está satisfeito con estas respostas. Nos oito días de prazo desde que se presentaron os escritos solicitando a súa comparecencia, o Sr. Varela tivo tempo de revisar os expedientes, pero cre que non lle era necesario porque

seguro que sabía e coñecía perfectamente as tropelías e irregularidades que aquí se cometeron. O que pasa é que agora tenta escudarse detrás do tribunal, cando foi el o que o nomeou, e incluso trouxo un funcionario de fóra para presidilo, cando en Cambre existían suficientes persoas para facelo. O presidente foi unha persoa que foi a súa subordinada, a secretaria do tribunal foi a secretaria do alcalde . Logo vese o resultado e empezan a casar as cousas. El pensa que o Sr. Varela coñecía perfectamente as irregularidades do proceso, e aínda que intente eximir as súas responsabilidades noutras persoas, ás que non sabe se lles gustará, o que está claro para todo o mundo é que este proceso, agás pequenos matices, foi absolutamente irregular, e a el non lle interesa a vía administrativa do recurso, senón a política.

O Sr. Iglesias recoñece que no pasado puido haber malas prácticas, e incluso podería asumir algunhas delas, non tería ningún problema, erros ou omisións ou malas prácticas, pero o que hai que intentar é corrixilas, non intentar importar malas prácticas, peores aínda, doutros sitios que xa foron marcadas por órganos como o Consello de Contas. E dito isto cédelle a palabra ao Sr. Varela Tejedor reservándose unha pequena intervención para o final.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non lle interesa entrar en actuacións pasadas. O único que quere deixar claro é que a súa actuación como concelleiro, así como a do equipo de goberno, foi unha actuación axustada á legalidade, non foi cuestionada legalmente por ninguén, e se eles, no seu momento, non fixeron uso dos recursos legais establecidos para opoñerse ás decisións adoptadas neste proceso, foi porque non lles interesaba, o único que lles interesaba era poñer en marcha unha acción política que é a que agora puxeron en marcha.

Recoñece que todos poden cometer erros, e seguro que o Sr. Iglesias tamén cometeu algúns, por exemplo na contratación de persoal adscrito ao BNG, sen tribunal, sen ningún baremo (xa non baremos valorados erroneamente). Dado que o voceiro do BNG puxo exemplos, el tamén os pon, así o caso de dona Romina Galán Iglesias que foi contratada en xaneiro de 2004 por un tribunal no que estaba o Sr. Xabier Iglesias e a Sra. Gumersinda Becerra, e valorando como únicos méritos para ser contratada como traballadora social ter traballado como dependenta e unhas prácticas da carreira na Cruz Vermella. Unha vez finalizado o seu contrato, fíxoselle un contrato de inserción que está pensado para adquirir unha experiencia profesional coa que xa contaba, e supón que por iso se transformou nun contrato de interinaxe. Cando se presentou á oposición o Sr. Iglesias tentou presionar ao tribunal para que a aprobase. Non vai seguir falando deste tema, nin vai falar da contratación de Borja Quintela Casás por unha empresa constituída a instancia do BNG, como é Cambre Ocio.

Nese momento, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Varela Tejedor que pregunte ao Sr. alcalde de quen é esa empresa, que el o sabe.

Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe que, por último, quere dicir que non vai cuestionar a valoración da honestidade dos tribunais dos que o Sr. Iglesias formou parte.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo para dicir que está decepcionado, cría que ía sacar máis cousas. Chegou a pensar que o Sr. Varela Tejedor ía tomar outra postura, que ía recoñecer o feito de que o tribunal cometera uns erros flagrantes e que se ía unir ao resto dos grupos municipais para ver que se podía facer para solucionar a situación, revisar o proceso, e ao mellor facelo de novo. Pola contra, o que fai o Sr. Varela Tejedor é desentenderse de algo que foi a súa responsabilidade e por riba tentar utilizar a técnica do ventilador. Agradece que teñamos unha grabadora para que quede constancia de todo isto.

Segue dicindo que o que se está a demostrar con isto e que algúns asumen o papel no que lles puxeron os cidadáns, como fixeron eles, e como cría que fixera o propio partido socialista cando decidiu gobernar en minoría co apoio inicial do PP. El mesmo felicitou ao PSdeG-PSOE no pleno de organización da corporación, e non o fixo de forma sarcástica, fíxoo en serio, pois un goberno en minoría non pode sacar proxectos adiante. O que pasa é que unha vez que pasa o tempo, empezan a entender porque ese empeño en gobernar en solitario, comezan a verse as cousas. A primeira esta, dous días despois do pleno de organización, constitúese un tribunal con xente de fóra, para adxudicar prazas de funcionarios interinos que estaban xa previamente decididas. Esta é a súa opinión política, e se quere o Sr. Varela pode presentarlle unha denuncia, pero o único que está a facer é expresar a súa opinión política dentro do exercicio da liberdade e da súa obriga política.

Continúa dicindo que o Sr. Varela é un home que suscita consenso, pero ao revés, en seis meses conseguiu poñer a todos os grupos municipais da oposición de acordo. E non é so isto, tamén pasa o mesmo con certos contratos de obras contra os que pode que non haxa nada que legalmente se poida opoñer, pero que é moi sintomático que certo tipo de contratos recaian nas mesmas persoas. E pola contra, as cousas que a todos nos interesan non funcionan en absoluto, a administración está paralizada. O persoal tamén está unificado en contra súa, e agás certos postos favorecidos, están todos en contra súa.

Segue a dicir o Sr. Iglesias que o que se está a facer aquí é unha valoración política, non administrativa, pero a intención do seu grupo é que isto chegue a outras instancias para que cada quen faga o seu traballo, por un lado as instancias xudiciais, e por outro as políticas, que é o papel que lles corresponde a eles. E en todo este asunto, o Sr. Varela Tejedor atópase

cos voceiros, e neste caso con el, e ocorre algo enganoso, pois parece que é unha cuestión persoal, e non é así.

O Sr. Varela Tejedor é responsable porque era coñecedor do asunto e impulsou todo o procedemento. E por riba está a persoa que o puxo, que é o Sr. alcalde, polo que, dado que están facendo unha valoración política, son os dous responsables de que estas cuestións foran para adiante, e a maneira de solucionar, de que entre un pouco de aire limpo, é pedirlle unha cousa ao Sr. Varela Tejedor, e dúas cousas ao Sr. alcalde.

Polo que se refire ao Sr. Varela Tejedor, pídelle que dimita, pois Cambre non se merece isto. Cambre non ten vocación de aparecer citado nin sinalado co dedo en informes do Consello de Contas, nin nas páxinas dos xornais por asuntos deste tipo. En Cambre poden ser bos ou malos, hai unha pluralidade de forzas políticas e un montón de cidadás e cidadáns que cada un pensa como quere, uns están de acordo con el, outros odiano, pero iso non lle importa. O que importa é que lles gusta resolver os asuntos e que as cousas non cheguen á gravidade e degradación que está chegando esta situación, do cal considera responsable, fundamentalmente, a don Francisco Javier Varela Tejedor, e á persoa que encabeza este goberno en minoría, que non vai contar con confianza para sacar ningún asunto adiante, porque todo o que están vendo nos últimos meses está tocado pola dúbida e insuficiente xustificación, por iso, pídelle que dimita.

En canto ao Sr. alcalde, pídelle dúas cousas. Unha que se non dimite don Francisco Javier Varela Tejedor, o destitúa inmediatamente, e a segunda cousa, que dimita tamén o Sr. alcalde, pois sería a forma de que entrara aire fresco que fai moita falta.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, para terminar con este tema, agradece a intervención do Sr. Iglesias, tamén a invitación á dimisión, pero, de momento, elixiuno o pobo de Cambre, aínda que non viva en Cambre, nin traballe en Cambre, e está disposto a seguir traballando por esta vila para que as cousas vaian a mellor e vaian cambiando.

Repite que a responsabilidade política que esixe don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, está a cumprila. A súa intención e a do equipo de goberno é que os procesos de selección e de contratación sexan o máis limpos posibles. De feito, para iso se aceptou unha moción de EU-IU, para establecer un proceso de selección de persoal que conte coas debidas garantías.

Volve dicir que a súa responsabilidade é a de ter nomeado ao tribunal, non a de valorar os criterios técnicos que utilizaron, e a súa responsabilidade é que no futuro as actuacións nos

procesos selectivos sexan o máis axustadas posible, e se eviten as actuacións que poidan ter algún indicio de irregularidade.

Repite que, ao seu xuízo, non é competencia dos órganos políticos valorar, de oficio, as actuacións técnicas dos tribunais, se esa valoración tivera sido solicitada, teríase feito e teríanse adoptado as medidas pertinentes. Lembra que no proceso de transparencia no que están implicados, por primeira vez na vida administrativa de Cambre se estableceu unha mesa de contratación aberta a todos, e están nesa liña. Conclúe que foi responsable do nomeamento do tribunal e non ten ningún elemento de xuízo suficiente para cuestionar a súa honestidade.

A continuación, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao número 631 o día 21 de xaneiro actual, e que literalmente se transcribe a continuación:

"Luis M. Taibo Casás, voceiro do grupo municipal de EU-IU, co fin de exercitar a función de control e fiscalización dos órganos de goberno, e en virtude do que lle confiren as atribucións da lexislación vixente en materia de réxime local, ao abeiro do artigo 105. do R.O.F., e do artigo 126 do Regulamento orgánico municipal. Solicita a comparecencia no próximo pleno municipal do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Javier Varela Tejedor, para que responda ás preguntas que formula o noso grupo municipal, sobre a actuación como responsable das áreas mencionadas, no referente á contratación e selección de cinco auxiliares administrativos interinos, por mediación de concurso, así como a proposta de modificación da Relación de postos de traballo retirada da orde do día do pleno ordinario do 27 de decembro de 2007, proposta que cando se incluíu, xa contaba co informe desfavorable do responsable da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

O obxecto desta petición de comparecencia non é, nin máis nin menos, que o de cumprir coa responsabilidade que temos os representantes públicos cara á sociedade en xeral e cos veciños/-as de Cambre en particular, tratando de dignificar a vida política no concello, e democratizar a forma de acceder á administración pública, transparentemente e garantindo os dereitos establecidos.

Como consecuencia do exposto, o grupo municipal de EU-IU, formula as seguintes consideracións:

Primeira.- As irregularidades detectadas polo noso grupo, e a demanda clamorosa de moitos veciños/-as que nolo teñen solicitado, sobre a carencia dunha regulamentación máis precisa e transparente para a contratación de persoal para o concello, facendo valer así o recollido na Constitución, que establece un absoluto respecto *"ao dereito á igualdade, así como os principios de mérito, capacidade e publicidade. Asegurando ao máximo a finalidade de que sexan realmente as persoas máis capacitadas e meritorias as que accedan aos postos de traballo que se convoquen, dentro dun procedemento limpo e transparente, que garanta a igualdade de oportunidades para todos/-as".*

Segunda.- As supostas ilegalidades observadas na convocatoria e selección de cinco auxiliares administrativos no pasado mes de xullo, resultando que no curto período de goberno municipal do PSOE en Cambre na presente lexislatura, posibilitouse o acceso ao emprego no concello dunha maneira irregular ou cando menos sospeitosa, de persoas vinculadas ao equipo de goberno.

Terceira.- Que dende o grupo municipal de EU-IU, queremos deixar perfectamente claro que a responsabilidade política nos feitos mencionados, non recae exclusivamente no concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, senón tamén no Sr. alcalde, por ser o máximo responsable do concello. Manifestar así mesmo que *"o noso grupo non vai contra os dereitos de ningún traballador, senón a favor de que todos/-as teñan igualdade de oportunidades no acceso a un posto da función pública".*

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU solicita a contestación das seguintes preguntas:

1ª Considerando que como concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, na Resolución de data 17 de xullo de 2007, Vd., designou o tribunal que debería cualificar as probas para cubrir de forma interina cinco prazas de auxiliares no Concello de Cambre, e á vista das puntuacións obtidas finalmente, cre que dita designación foi a correcta, na súa función como responsable municipal, e non actuou con base no clientelismo político, máis coñecido como "enchufe", que dana gravemente o funcionamento democrático do Concello de Cambre, vulnerando o dereito dos cidadáns a poder acceder a un posto de traballo nunha insitución pública en igualdade de condicións? Ou polo contrario impórtalle pouco o problema, os que agora están ocupando as responsabilidades de goberno en Cambre?

2ª Cre Vd., que o recollido no informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia no ano 2001, sobre a política de persoal do Concello de Culleredo, da que Vd. é protagonista e no que implica que en Culleredo *"existe un incumprimento dos principios constitucionais de*

*igualdade, mérito e capacidade"* para o acceso á función pública, é unha falacia ou unha elucubración pseudo-política do órgano consultivo da Xunta de Galicia.?"

Respecto da primeira pregunta, don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que no último pleno aprobouse, a proposta de EU-IU, unha moción para a elaboración dun Regulamento de provisión de postos de traballo, e que proximamente se someterá a discusión dos respectivos grupos municipais e cos representantes do persoal.

Continúa dicindo que eles non van contra os dereitos de ningún traballador. Non se están a utilizar os procedementos que a lei permite, como o Servizo Galego de Colocación para, a nivel dunha entrevista sen baremos como se facía anteriormente, seleccionar a quen se estimase oportuno, senón que se están facendo procesos públicos, con convocatoria pública, baremos establecidos e nomeamento de tribunais publicamente coñecidos.

Repite que é responsable político do nomeamento do tribunal e asume a responsabilidade, pero cre, mentres non se demostre o contrario, que o tribunal se puido equivocar, pero actuou honestamente e que a responsabilidade pola errónea valoración de méritos débese dilucidar ante os tribunais.

En canto á existencia do informe do Consello de Contas, si di iso, e refírese ás contratacións laborais temporais a través dos procedementos do Servizo Galego de Colocación.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que, ao igual que estivo facendo durante a comparecencia, ignora as preguntas que se lle fan, e a súa pregunta era moi concreta, preguntáballe se despois deste procedemento, e revisado o expediente, que si tivo tempo, se non viu ningunha irregularidade, se cre que todo o proceso foi legal.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que o que lle pregunta e se a designación foi correcta, e dille que a designación foi correcta e se axustou á lei.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que este proceso crea unha alarma social no concello, pois os concelleiros do seu grupo, e os demais cre que tamén, cando se convocan este tipo de prazas adoitan avisar á xente e anímaselles a que se presenten, e o que din é que as prazas están dadas, e teñen razón, e así llo confirmou o tempo. Teñen razón os veciños de Cambre, que as prazas están dadas, e eles molestándose en ir a clases, sacar diplomas, etc. Isto é o que precisa a xuventude de Cambre, están desmotivados, pero, dille ao Sr. Varela Tejedor, que quizais el descoñece a realidade deste concello.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que non lle di que teña ou non teña razón, pero dille que a igualdade de oportunidades téñena todos, a posibilidade de presentarse téñena todos, e os erros de valoración dos tribunais están para ser revisados e corrixidos, e tratarán no futuro de garantir ao máximo eses principios aos que fai referencia.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que, ao igual que os que lles precederon, o seu grupo non vai pasar de puntillas sobre este proceso e agardan que se depuren todo este tipo de responsabilidades.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que nesa depuración de responsabilidades, se as hai, contarán co seu apoio.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o seu grupo ten exemplos claros e evidentes de que a moitas persoas neste proceso selectivo se lle inflaron os puntos, e a outros, en cambio, se lle restaron. Así quedou claro tamén nas outras intervencións, e non vai a incidir no mesmo pois todos estiveron fiscalizando, entre outras cousas, porque é a súa obriga.

En relación co tema dos postos de traballo neste concello, para o seu grupo existen antecedentes máis que suficientes, que xustifican a súa preocupación. Primeiro polos informes que emitiu o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do concello e o informe de fiscalización a que se fixo mención antes, do Consello de Contas de Galicia, de 2000-2001, que o consideran demoledor coa xestión que se fixo no Concello de Culleredo no Departamento de Persoal, e parece que iso quere trasladalo a Cambre, que é un departamento onde don Francisco Javier Varela ten responsabilidade,  e no exercicio da responsabilidade que agora ten en Cambre, parece ser que quere trasladar ese problema a Cambre. E pon como exemplo a alínea 7 punto 2 das conclusións que di textualmente: "os procedementos de selección de persoal analizados evidencian importantes deficiencias e irregularidades que afectan aos seguintes aspectos: a) incumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade desenvolvidos na Lei reguladora de bases do réxime local". Este informe motivou a presentación de 18 ou 20 alegacións polo Concello de Culleredo, e a resposta foi a de non estimar ningunha. E iso dise no informe do Consello de Contas de Galicia.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que están no mesmo, o Consello de Contas de Galicia fiscaliza o labor político do equipo de goberno e non dos técnicos, e a el hónralle escoitar que é un alto responsable da política de Culleredo, pero en absoluto é así. É un técnico que se limita a cumprir as instrucións políticas que se lle dan e o informe de

fiscalización non vai contra a xestión técnica do concello, senón contra a xestión política do concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a súa apreciación é totalmente distinta, e parécelle mentira que a estas alturas da democracia se sigan dando casos como o que están debatendo neste momento, pois debilítase á propia administración e ponse en entredito a actividade dos políticos que, dalgunha maneira, a representan. Lembra que no pleno de constitución dixeron que poñerían todo o seu empeño para garantir a transparencia e honestidade da institución local, e o seu grupo considera que o Sr. alcalde como máximo responsable do grupo de goberno, e o concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, deben presentar a súa dimisión esixindo a rexeneración da vida política do concello para que non se volvan transgredir os dereitos dos cidadáns que, por lei, teñen garantidos na propia Constitución.

A continuación, concédese a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), quen dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao número 632 o día 21 de xaneiro actual, e que literalmente se transcribe a continuación:

"Manuel Marante Gómez, concelleiro en Cambre, representando ao Partido Galeguista (Grupo Mixto), ao abeiro do vixente Regulamento orgánico municipal, solicita a comparecencia do concelleiro delegado de Presidencia e Planificación, D. Javier Varela Tejedor, no pleno ordinario da corporación municipal que terá lugar o vindeiro xoves 31 de xaneiro do ano que andamos, co fin de dar resposta ás seguintes cuestións sobre a convocatoria e resolución do concurso para cubrir cinco prazas interinas de auxiliar administrativo celebrado no pasado mes de agosto de 2007:"

Neste momento, don Manuel Marante Gómez manifesta que vai ler todas as preguntas seguidas para que conteste ao final a todas, se vai contestar o mesmo, e así terminan antes, pois cre que levan dúas horas de tomadura de pelo e é suficiente, pois os exemplos que dá el, son similares aos que dan os outros concelleiros.

Preguntas que formula:

"1. Cal e o motivo polo cal se nomeou como presidente do tribunal a unha funcionaria allea ao Concello de Cambre?
2. Quen e como fixo a validación e a valoración da documentación presentada polos concursantes neste proceso?

3. Xa que dúas das seleccionadas presentaron certificados da realización do mesmo curso, como explica que estes certificados teñan distinto número de horas de duración?
4. En que se baseou o tribunal para rexeitar as reclamacións presentadas por algúns candidatos?
5. Cal é o motivo polo cal na entrevista non se lle fixo o mesmo número de preguntas sobre procedemento administrativo aos aspirantes a interinos?
6. Como explica que a unha das aspirantes se lle formulase a mesma pregunta en varias ocasións? Como se valoraron as diferentes respostas que deu a esta pregunta?
7. Como explica vostede que as dúas secretarias do grupo de goberno socialista na pasada lexislatura se atopen entre as persoas que acadaron maior puntuación?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que cre que se contestou a todas as preguntas. Xa dixo no pleno de agosto ou setembro, no que se lle interpelou por este mesmo tema, que se nomeou presidente do tribunal a unha funcionaria con arranxo ao que prevía a lexislación vixente.

En canto á valoración da documentación presentada polos concursantes para os efectos de acceder á convocatoria, fixérona no Departamento de Persoal do concello, e a valoración de méritos fíxoa o tribunal.

En canto aos certificados, non sabe por que teñen distinto número de horas, cre que haberá algún erro mecanográfico, e en canto ás reclamacións presentadas polos candidatos, resolvéronse polo tribunal con base aos seus criterios técnicos.

En canto aos motivos de por que na entrevista se fixeron número de preguntas distintas aos aspirantes, son valoracións técnicas do tribunal que supón que derivarían do propio currículo, e o mesmo respecto da sexta pregunta.

En canto á sétima, non é o presidente da Deputación de Ourense e non pensa que tiveran maior valoración cultural ou socioeconómica.

Conclúe dicindo que estamos nun Estado democrático, hai que acollernos aos procedementos e non entrometerse nas valoracións dos tribunais, que son discrecionais, e así o teñen manifestado reiteradamente os tribunais de xustiza.

Don Manuel Marante Gómez contesta que, como está claro que sendo o máximo responsable non se quere meter en nada, entón non pinta nada, polo que é mellor que se marche, o mesmo que a persoa que o trouxo, se de verdade queren un pouco a Cambre, a ver se os que

veñan detrás son un pouco máis serios e fan as cousas con un pouco máis de interese, dan un pouco de máis claridade ao Concello de Cambre, e traballan non só para os seus amigos e os seus intereses, senón tamén para os demais.

A continuación don Francisco Javier Varela Tejedor solicita do presidente autorización para facer a súa última intervención e valoración sobre este tema, e manifesta:

En ocasións un chega a plantexarse se realmente vale a pena o exercicio de algo ao que un consagrou unha parte importante da vida. Servir aos intereses públicos dende a convicción ideolóxica, dende o ánimo do servizo á colectividade e dende o convencemento de que a política é algo noble e digno. Esta é unha destas ocasións.

Pero déixenme decirlles de seguido que, de xeito inmediato, apartei de min esta sensación. Algo tan curto de miras como é o que hoxe nos ocupa, ía dicir, pero o correcto sería dicir que dilapida o noso tempo, realmente o que me inspira é lástima, pena e, porque non dicilo, repulsión. Non polo feito de pretender que me afecte na miña responsabilidade política, senón pola arbitrariedade con que se dana a imaxe da tarefa pública en prol de obxectivos cicateros, intereses alleos ao que se formula, desexos insatisfeitos ou antagonismos estraños aos intereses do ben municipal. É fácil tamén constatar tras esta actuación, o intento de poñer todos os obstáculos posibles ao primeiro proceso serio en moito tempo que trata de racionalizar e ordenar situacións administrativas e de xestión, que seguramente se fixeron con erros, por suposto, pero que seguramente tamén para moitos dos presentes non eran satisfactorias, pero non había xurdido a oportunidade, nin quizais a vontade de facelo. E é triste que para iso, para frear este proceso que o que intenta é modernizar, repito, con erros, a administración, darlle transparencia e obxectividade, se recorra a poñer en tea de xuízo institucións e persoas.

Un proceso que pretende evitar estes monopolios anómalos en mans dos que se senten tentados de confundir o seu labor funcionarial cun poder que nin lles foi conferido polas urnas, nin polo escalafón. Algo que xa ten sido feito realidade na maior parte das administracións públicas galegas, aínda que aquí se poña en marcha con certa demora.

E, ante esta posta de xogo bronco que temos neste pleno corporativo, é penoso que non se dubide en sobrepasar as lexítimas formulacións políticas, técnicas e administrativas discrepantes, para internarse por aqueles camiños tortuosos que nunca deberían ser a práctica da vida política do noso municipio. Non se dubida en transitar atallos pouco dignos onde florecen a inxuria, quizais a difamación, o embuste, ante a satisfacción de parecer grandes ou superiores aos demais.

Permítanme decirlles que é un perigoso asomo de paranoia colectiva sentirse poseedores de verdades absolutas nun mundo no que o relativo prevalece, afortunadamente, tendo como único patrimonio críticas encamiñadas a degradar e non a construír.

Ábrese un horizonte onírico onde todos quebrantan as súas obrigas, agás os grandes inquisidores, depositarios, ao parecer, do saber, da bondade, da honestidade e do acerto. O malo é que desenmascarado o labor inquisitorial, ese escudo de Torquemada é de oficio, o que as máis das veces asoma son resentimentos, hipocresía e mala fe, e diso só nace un fruto mísero, o que dana a orde social, institucional e a pacífica convivencia entre a xente de boa fe. Sen a mutua confianza que debe ser denominador común para servir aos cidadáns, e non servirse deles, non é posible calquera forma de sociedade humana.

Afortunadamente un non se sente só, síntome arroupado polos meus propios compañeiros de goberno, por algúns concelleiros da oposición, aínda que non poidan manifestalo abertamente, e por numerosos funcionarios deste concello que teñen interese en ir eliminando prácticas non desexables, encabezadas por funcionarios que se senten ameazados nos seus privilexios. A este respecto, quero mencionar unha mensaxe en concreto que me emocionou enormemente, por xer dunha persoa non coñecida miña, e ademais, non coincidente para nada coa miña liña ideolóxica, e como me deu a súa expresa autorización para mencionalo, fareino. Trátase de don Ricardo Puertas, que nun MSM de onte, dime textualmente: “Ánimo Javier, a xente de ben necesítate no concello. Sabes que podes contar conmigo para o que precises, non te rindas”.

Sr. alcalde, Sres. e Sras. concelleiros, entre os bens máis preciados que posúe o home, atópase a capacidade de expresar e comunicar os pensamentos e apegos mediante a palabra. Esta é a que utilicei na miña intervención, consciente de que o bo emprego da palabra é para todos un deber de ecuanimidade, sen intentar con ela danar aos demais, terxiversando con dolo e cinismo a realidade. Teñan presente que sen o seu correcto uso sería imposible convivir. A malevolencia derivada da falta de veracidade é algo patente. Todos os cidadáns e cidadás teñen dereito a que, como práctica, falemos coa verdade, que respectemos a verdade nas nosas aseveracións, non facelo é quebrantar un dos maiores valores da convivencia, e eu, Sr. alcalde e Sres. concelleiros, fago centro da miña existencia, con erros, o amor ao traballo ben feito e a honestidade, a humildade, e a entrega dos meus compromisos, e dende logo, o respecto ao resto dos seres humanos, sen malas artes nin trampas e, en especial, sen vexar mezquinamente o esforzo doutros semellantes que, aínda con erros, se realiza. Nin sequera cando poido estar moralmente convencido de que a súa achega é máis ben exigua ou interesada.

Permítanme, excepcionalmente, terminar a miña intervención cun poema do poeta nicaraguano Rubén Darío, un poema referido á calumnia, escrito na súa etapa nova, na última década do século XIX, pois certos comportamentos desgracidamente son recorrentes e nunca perden actualidade, que di así:

*Puede una gota de lodo*
*sobre un diamante caer;*
*puede también de este modo*
*su fulgor oscurecer;*
*pero aunque el diamante todo*
*se encuentre de fango lleno,*
*el valor que lo hace bueno*
*no perderá ni un instante,*
*y ha de ser siempre diamante*
*por más que lo manche el cieno*

e conclúe dando as grazas pola súa atención.

A continuación, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, toma a palabra para manifestar que os grupos municipais que forman a oposición desexan presentar unha moción conxunta, con carácter urxente, relativa ao asunto que se acaba de debater.

A secretaria xeral da corporación informa que dita moción deberá presentarse dentro do punto dedicado a mocións, xa que, segundo o disposto no artigo 126 do Regulamento orgánico municipal, a comparecencia darase por concluída unha vez teñan intervido o concelleiro que comparece e os voceiros dos grupos municipais da corporación.

Antes de debater o seguinte punto da orde do día, don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta a súa intención de ausentarse do salón de sesións, xa que, aínda que non ten obriga de facelo, ao tratarse dun tema que lle afecta persoalmente considera o máis correcto facelo así.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, insta a don Francisco Javier Varela Tejedor a que non se marche, pois manifesta que aos membros do seu partido gústalles dicir todas as cousas á cara.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que el prefire abandonar a sala e, polo tanto, auséntase do salóns de sesións.

**5º <u>Coñecemento dos escritos procedentes do Concello de Culleredo e do escrito presentado por don Francisco Javier Varela Tejedor respecto da súa situación como funcionario municipal do Concello de Culleredo e como concelleiro delegado dunha área do goberno municipal con dedicación parcial</u>**

Dáse conta do escrito presentado por don Francisco Javier Varela Tejedor rexistrado de entrada o día 4 de decembro de 2007, no que expón que dado que o Concello de Culleredo non contestou á comunicación remitida polo Concello de Cambre respecto á dedicación parcial que ten conferida segundo o acordo de 13 de xullo de 2007, considera que de conformidade co previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, e Disposición Adicional 1ª do Real decreto 1777/1994 de 5 de agosto de adecuación das normas reguladoras dos procedementos de xestión de persoal á Lei 30/1992, queda autorizada por silencio administrativo positivo a compatibilidade polo transcurso de catro meses dende a recepción do escrito remitido polo Concello de Cambre e solicita se efectúen as xestións necesarias para a plena operatividade económica da dedicación parcial segundo acordo do pleno de 13 de xullo de 2007.

Dáse conta, igualmente, dos escritos remitidos polo alcalde do Concello de Culleredo rexistrados de entrada o 7 de xaneiro e o 18 de xaneiro actual, nos que fai constar que, á vista do informe do secretario municipal, e tendo en conta o establecido no artigo 5 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, entende que non é precisa a autorización do pleno do Concello de Culleredo para que don Francisco Javier Varela Tejedor poida compatibilizar as dúas actividades de funcionario no Concello de Culleredo e membro do Concello de Cambre.

Visto o informe emitido pola Intervención e Secretaría municipais en data 25 de xaneiro actual.

Toma a palabra don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, quen manifesta que se atopan ante dúas posturas de carácter xurídico, e que dado que el non é xurista, o que vai indicar é o seu sentido común. Explica que calquera funcionario pode ter un complemento de exclusividade, e así se ve claramente no tema dos médicos, que algúns renuncian a el e teñen unha consulta privada, e outros que o teñen, non teñen esa consulta. Neste caso, e tal e como se di no escrito enviado polo alcalde do Concello de Culleredo, o funcionario en cuestión non ten ese complemento de exclusividade, polo que tampouco ten obstáculo para desempeñar funcións noutro lugar.

Continúa dicindo que cando se aborda o tema da compatibilidade, a versión clásica e máis extendida é que, segundo a Lei de incompatibilidades, o funcionario ten a obriga de solicitar a compatibilidade no seu posto de traballo para poder traballar noutra administración. E que este é o razoamento que seguíu a secretaria do Concello de Cambre, e que tamén seguíu a Universidade da Coruña e a Consellería de Educación, pero que existen outras opinións ao respecto.

Explica que tanto no caso de Jaime Manuel López Lisnier, como no seu propio caso, eles poderían ter renunciado ao seu complemento de exclusividade, pero que non o fixeron, entre outras razóns porque o importe era moi similar, e polo tanto, o que gañarían nun lado, deixarían de gañalo noutro.

Segue dicindo que a secretaria do Concello de Cambre interpreta que don Francisco Javier Varela tería que ter concedida a compatibilidade no Concello de Culleredo, o mesmo que pasaría con calquera outro funcionario, e isto é o que se supón que ocorre sempre con calquera funcionario. Pola contra, existen outras opinións, como a que ten o secretario de Culleredo, que entende que todo isto non se aplica no caso dos cargos electos. Argumenta que existe unha excepcionalidade para estes supostos e para eles parécelles digno de atención e cren que xustifica outro punto de vista.

Don José Venancio Salcines Cristal expón que outra cuestión a ter en conta é o tema do salario. O normal é que a outra administración conceda a compatibilidade co exercicio dun cargo electo, pero tamén está o tema de canto se pode gañar. No caso que lles afectaba a el e a don Jaime Manuel López Lisnier, o límite máximo está fixado no soldo que gaña un director xeral do Estado, uns 59.000 euros, esa é a máxima remuneración dun funcionario traballando en dúas administracións. Agora ben, existe outra lexislación ao respecto. Hai lexislación do ano 2000 que deixa un vacío neste aspecto, pon en dúbida estes topes e ven a dicir que os topes se terían que manifestar en determinados textos legais e non se manifestaron. Hai unha ambigüidade a este respecto.

O Sr. Salcines explica que o que eles ven é que se está a xulgar o caso do Sr. Javier Varela como o caso dun funcionario normal que quere traballar noutra administración. Non obstante, cren que a opinión do secretario de Culleredo que di que hai unha diferenza por ser un cargo electo, pois debe ser tida en conta. A eles parécelles lóxica, obviamente non quererían estar aquí pois non se consideran expertos en leis e poden estar equivocados, pero venlle unha lóxica á súa opinión, e baixo esa lóxica e usando o sentido común, que non ten por que ser acertado pero é o que teñen, pois cren que se debe conceder a compatibilidade ao

compañeiro Varela. Tamén entenden que é mal día, dado o estado de ánimo reinante, pero pide aos compañeiros que tomen unha decisión obxectiva, que analicen os textos coa maior obxectividade posible, co sentido común que eles teñen, que non ten por que ser o mesmo que o do equipo de goberno, e que non fagan neste caso un xuízo, pois se agora criticaron a un tribunal dicindo que se xulgaba de modo subxectivo determinadas prazas, e facía determinados actos inxustos, considera que neste caso, deben dar exemplo aos demais, e se defenden a obxectividade e honestidade, el pídelles que neste caso non se deixen guiar polos seus sentimentos ou pola subxectividade, dean exemplo ao pobo que os escoita, e actúen con obxectividade.

A continuación concédese a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, do PP, que manifesta que evidentemente parece que si hai dúas interpretacións, unha é a que fai o equipo de goberno de Cambre e posiblemente o secretario de Culleredo, e a outra é a que fai a lei.

Segue dicindo que, en primeiro lugar, dende o seu grupo queren facer unha declaración expresa, e sobre todo despois do que apareceu en prensa no día de hoxe, de apoio incondicional e de profesionalidade tanto da interventora municipal como da secretaria municipal. En segundo lugar, denunciar que un funcionario municipal doutro concello está facendo un informe sen que teña un procedemento. Quedou claro que o Sr. Varela Tejedor non solicitou en ningún momento que se lle concedera a compatibilidade no Concello de Culleredo, entón, que lle explique alguén, e por iso quería que se quedara o Sr. Varela Tejedor, a que ven que o secretario de Culleredo faga un informe sobre iso, non ven a nada, e dille ao Sr. Salcines que se quere facer unha valoración do que din os tribunais sobre o artigo 7 da Lei de incompatibilidades, dálle referencia da sentenza da Audiencia Nacional de 25 de outubro de 2001, onde di moi claro que o artigo 7 impide que calquera persoa cobre en dúas administracións públicas distintas máis do que cobraría un director xeral, e se se vai outra vez ao informe do Consello de Contas, e o le textualmente, "o nivel 30 de complemento de destino (cando fala do xefe de gabinete do Concello de Culleredo, que é o Sr. Varela Tejedor) que percibe este funcionario é superior ao determinado pola Lei de orzamentos xerais do Estado. O concello incrementoulle ata igualalo ao valor do complemento de destino fixado para os directores xerais da administración do Estado". Se o Sr. Varela Tejedor cobra o mesmo que cobra un director xeral, e ese é o límite máximo que pon a Lei de incompatibilidades, é imposible que aquí cobre absolutamente nada, e ese é o único motivo polo que non solicitou do pleno do Culleredo a compatibilidade, porque sabe que non a pode obter, e está utilizando artimañas alegando un suposto silencio administrativo que moi ben foi desacreditado pola secretaria e a interventora para asignarse un soldo de 25.000 € que é totalmente ilegal, e volve facerlle a mesma referencia da sentenza da Audiencia Nacional de 25 de outubro de 2001, que di que é claramente ilegal, e saben que

é cometer unha actuación ilegal a sabendas, o Regulamento orgánico municipal o di moi claramente, que serán responsables dos actos e acordos que se adopten nos plenos as persoas que voten favorablemente.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta a don Felipe Andreu Barallobre dicindo que hai unha diferenza entre os dous, a diferenza é que don Felipe Andreu Barallobre o sabe todo, e el asume a súa ignorancia, pero preocúpanlle moito as persoas que cren que o saben todo, pois detrás das persoas que se cren que o saben todo tamén hai grandes ignorantes. Di que a opinión de don Felipe é unha opinión seria e moi respetable, pero frases como a de dicir "aí está a opinión do secretario de Culleredo", que é un habilitado ao cal hai que terlle o mesmo respecto que á secretaria de Cambre porque el pasou unha proba de habilitación nacional igual que ela e merece un respecto e don Felipe non a pasou. Merécelle moito respecto o criterio do secretario de Culleredo e élle incómodo falar deste tema onde el asume parte de ignorancia. Se o Sr. Felipe di "teño dúbidas, e ante as miñas dúbidas vou votar en contra", respétao, pero se di "eu seino todo e por iso vou votar en contra", pois é arrogante e ignorante.

Don Felipe Andreu Barallobre contéstalle que en cuestións de legalidade non lle ten que dar ningunha clase, en cambio ao Sr. Varela Tejedor quedou bastante claro neste pleno que hai que darlle bastantes clases de legalidade, e esta é unha máis, e dille que non é arrogancia, senón que o sentimento que ten é de enfado.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o compañeiro Xabier Iglesias anunciou hai un momento que vai haber unha moción, e ao mellor se don Felipe vota a urxencia está actuando correctamente segundo o xogo político, e cada cousa ten o seu momento. Dille que ten un momento para facer o xuízo político e ten outro para facer outro xuízo. Neste caso o que se lle pide é que enxuíce unha situación e respecta a súa opinión, pero dille que non o faga porque non lle guste o seu comportamento, senón porque crea que non ten dereito a iso, pois os dereitos son fundamentais, porque o Sr. Varela ten dereitos, e os seus dereitos deben ser respectados. Poden non estar de acordo na lóxica de cada un, pero que porque a alguén non lle guste, ou porque alguén crea que tivo un comportamento erróneo, se lle queira comer os dereitos, iso é preocupante, iso é propio do fascismo.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que é moi distinto ter respecto ás persoas e perderlles o respecto a dúas funcionarias coas que ten que traballar todos os días pedindo un informe a un amigo, porque é un amigo que non fixo un informe profesional, senón que fixo un informe para un amigo porque non tiña ningún procedemento onde facelo, fíxoo por amizade para rebater simplemente as opinións tanto da interventora como da secretaria do concello, e

pide moito respecto para os funcionarios desta casa, que son tan profesionais ou máis que calquera outro.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, dille ao Sr. Salcines que xa se tiñan olvidado todos do punto de antes e agora ven e lémbrallelo a todos. Estaban tranquilos para analizar isto con coidado, e empézalles a falar dos exames, etc., do que xa el nin se acordaba. O que si se lembra, a raíz de aquilo pois saiu moitas veces, é que aquí parece que dun lado da ría caeron os listos e doutro lado caeron os tontos, e non sabe se cando estaba alí a Cross as contaminacións aquelas provocaron unha superioridade na intelixencia porque de seguido, unha vez tras outra, determinadas prácticas que se fan alí, e que nalgún caso foron censuradas por órganos independentes, quérense trasladar aquí, e a el parécelle ben se se pode facer e teñen a capacidade de facelo, pero tampouco lle debe parecer mal a ninguén que algúns se poñan en contra.

A cuestión, segue dicindo, é que el non ten nin idea de temas xurídicos, pero non vai ter en conta a opinión dos que non saben nada, e están dispostos a aplicar as orellas, o sentido común ou o sentido menos común para ver as cousas. El ve a situación en que hai un informe que se fai aquí, hai un informe que fai a Deputación, e hai un informe que fai o secretario de Culleredo presentado mediante un oficio asinado polo Sr. alcalde no que tamén dá opinións, que está moi ben que o Sr. alcalde dea opinións sobre temas xurídicos. O resultado do partido é que a pretensión de que por silencio administrativo ou por outra vía se poña en práctica isto vai perdendo por dous a un, hai dous informes en contra desa pretensión e outro a prol, e tal como vai o partido a ver se se consegue outro informe.

Cre que a cuestión é que o pleno do 13 de xullo de 2007 lle deu o visto e prace ás dedicacións parciais cunha apostila de que no caso dos funcionarios públicos e dunha persoa que estaba cobrando unha pensión da Seguridade Social, tiñan que solicitar a compatibilidade ás institucións onde traballaban, Consellería de Educación, Universidade da Coruña, Concello de Culleredo e á Tesourería ou Instituto da Seguridade Social para que dixeran se é compatible ser concelleiro aquí con competencias delegadas e que cobren o salario que se asignaron naquel momento, e que lembra que eles votaron en contra, pero que esa foi a decisión que tomou o pleno. Pasado pouco tempo, no caso da concelleira que pediu a compatibilidade para cobrar, veu resolto favorablemente o que solicitaba. No caso dos compañeiros Lisnier e Salcines, no último pleno presentouse unha proposta na que se determina que vale que sexan concelleiros delegados, pero en lugar de cobrar 25.000, pois un ten que cobrar 14.000 e outro 13.000 euros máximo. Así, o grupo de goberno trouxo a proposta para adecuar aquela decisión que se adoptou no pleno de xullo ás novas condicións que lles poñían nas súas institucións de orixe e pregunta por que non fai o mesmo o Sr.

Varela con respecto ao que sexa posible facer no Concello de Culleredo, ou por que non o declara compatible.

Conclúe dicindo que ese non é o problema do Concello de Cambre. Dende Cambre envióuse un oficio ao Concello de Culleredo comunicando esta circunstancia, se non o fan, o problema é deles e de ninguén máis. Polo que el entende, o que ten que facer o Concello de Cambre é, mentres non se anule a decisión plenaria do 13 de xullo de 2007 onde se concedían as compatibilidades e salarios condicionados á aceptación desa situación por parte das outras institucións, agardar a que chegue, e senón que fagan unha modificación á proposta e que a traian a pleno como o tiveron que facer no caso dos outros dous compañeiros, porque ademais sería un detalle feo que dous compañeiros do mesmo grupo que comparten goberno se teñan que rebaixar as retribucións á metade, e o Sr. Varela Tejedor quere, en cambio, usando trucos ou argucias legais, ou un informe contra dous, gañar. Cre que iso non está ben, o que hai que facer é que, se aquela decisión segue en pé, debe manterse, e senón el non entende a que ven este tema de coñecer resolucións aquí, porque para coñecer resolucións xurídicas xa teñen a do Concello de Cambre que non foi impugnada. Cre que o Concello de Culleredo o que ten que facer é, se quere, dicir no seu pleno ao Sr. Varela Tejedor que lle dan a compatibilidade para ser concelleiro aquí con estas retribucións. Que o faga, que o mande, e a partir dese momento, empezar a cobrar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que vai tratar de ser moi claro neste tema porque lle parece que están dedicando bastante máis tempo do que merece.

Para el é un tema bastante sencillo. Existen dous informes, un emitido polos servizos de Intervención e Secretaría do Concello de Cambre, e outro emitido polo secretario do Concello de Culleredo, pero tamén existe outro informe, e non son dúas opcións como dicía o Sr. Salcines, senón que son tres, outro informe emitido pola oficial maior da Deputación Provincial da Coruña, unidade xurídica que presta servizo aos concellos e da cal cre que deben fiarse. Entón, se os funcionarios de Cambre e a funcionaria da Deputación din que hai que solicitar a compatibilidade ás empresas públicas onde os concelleiros traballen, neste caso concreto corresponde ao pleno de Culleredo conceder esta compatibilidade, e mentres ese órgano competente para denegar ou conceder non emita ese informe, non hai media dedicación, así de sinxelo, non hai que dar máis voltas e non van a entrar en temas legalistas nin xurídicos. É así de sinxelo, corresponde ao pleno do Concello de Culleredo emitir ese informe como órgano competente, e mentres non o faga non hai nada máis que tratar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que isto é unha proba máis de como se está a traballar aquí polo equipo de goberno, como traballa o Sr. Varela Tejedor, que primeiro intenta meter a compatibilidade por silencio administrativo, e como sería un descaro metela así ao estar en Culleredo como xefe de gabinete, aínda que se atreveu a presentar o escrito igual para ver se coaba, dicindo que por silencio administrativo lle corresponde, aos poucos días manda un informe do Sr. alcalde e do secretario xeral do Concello de Culleredo dicindo que non é necesario pedir a compatibilidade, etc. Despois de tres ou catro días, como viron que se equivocaran, mandan outro para retocar o anterior.

Cre que está moi claro. Se aquí hai uns técnicos municipais, a interventora e a secretaria, ás que felicita, que levan facendo un traballo contra vento e marea contra este tipo de actuacións de determinados personaxes, resulta estraño todo isto.

Di que un Sr. que leva de confianza do alcalde de Culleredo, xefe de gabinete moito tempo, que o único que necesita é que o pleno aprobe a compatibilidade alí para traela ao Concello de Cambre, por que non lla dan. Se non lla dan no seu propio concello onde o teñen como persoal de confianza e con determinadas prebendas, como lla van dar aquí en Cambre. Conclúe dicindo que el sempre se fiará dos informes dos técnicos municipais de Cambre, sempre se fiou e se fiará deles, e en canto a don Francisco Javier Varela Tejedor, seguramente olvidóuselle mirar a ver onde estaba o expediente para facer a solicitude de compatibilidade e traer despois aquí o recoñecemento por silencio administrativo, se non mira o del, como vai mirar o expediente das auxiliares.

Concedida a palabra ao Sr. Salcines, di que hai un discurso xeneralizado de que están atacando á interventora e á secretaria municipais, e non está no seu ánimo. Agora ben, a exemplaridade no traballo e o bo facer non indica que ninguén teña a razón máxima, senón non habería tribunais nin xuíces. Crense e están cómodos cos funcionarios municipais, non hai dúbida, e si teñen en conta as súas consideracións, pero len todos os argumentos. E ante os seus argumentos, hai outros escritos con outros articulados, con outras normas, con outros regulamentos, e todo iso está aí, e por iso dixo antes que era complicado para eles ter que realizar este debate. Non quere que se tome isto como un debate ou unha moción de censura contra a interventora e secretaria municipais.

Don Manuel Marante Gómez volve preguntar cal é o problema para que no pleno de Culleredo non aproben a compatibilidade. Se é porque o PSOE perdeu a maioría absoluta e agora non poden apoiar ao Sr. Varela Tejedor pois que se vai facer.

O Sr. Salcines di que porque o secretario de Culleredo razona xuridicamente dicindo que non é necesario, e por iso non o leva a pleno, o mesmo que a secretaria non leva a pleno o que ela non considera necesario xuridicamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a el lle gustaría saber cal sería o informe que faría o Sr. Varela Tejedor a partir de mañá se fose a facer as funcións de secretario no Concello de Culleredo, é unha reflexión que fai, pois lembra que o Sr. Varela Tejedor tamén fai ás veces as funcións de secretario do Concello de Culleredo.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta que van a votar.

O Sr. alcalde contesta que non van votar nada. Vista a postura adoptada, cre que está claro que o que predomina é o informe da interventora e da secretaria, e que polo tanto, non hai nada que votar. A súa proposta era que se lle concedera dedicación parcial, pero se os grupos políticos din que debe predominar o informe da interventora e da secretaria pois poden poñelo a votación se queren e, por outro lado, poñer a votación a proposta dos demais grupos segundo o informe xurídico.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que non corresponde votar nada pois na orde do día do pleno non pon que se vai votar nada, pon só coñecemento dos escritos, o que hai que facer é agardar polo informe do pleno do Concello de Culleredo.

Don Felipe Andreu Barallobre, por unha cuestión de orde, pregunta á secretaria se na acta do pleno do 26 de xullo se dá coñecemento ao pleno da aceptación dos cargos por todos os concelleiros a excepción de Varela Tejedor que queda pendente da aprobación da compatibilidade, entón aquí, o que se quere imaxinar, é que con este punto da orde do día o que se quere facer é dar coñecemento ao pleno da aceptación definitiva do cargo, porque se é dar coñecemento, non hai nada que votar, entón a súa postura será unha ou outra.

Pola secretaria infórmase que, como saben, e así se fai constar no informe, no pleno do 26 de xullo deuse coñecemento de que aceptaron o cargo tanto o Sr. alcalde como os Sres. concelleiros, pero como ben se dixo por algún concelleiro, o condicionamento que se poñía no pleno do 13 de xullo era que despois tería que darse coñecemento ao pleno respecto da concesión das compatibilidades. O que hai agora aquí é un escrito do alcalde de Culleredo onde di que non é necesario, e iso é o que se trae a coñecemento do pleno, e o pleno do Concello de Cambre non é o órgano competente para conceder a compatibilidade. E en canto a se os Sres. concelleiros queren votar que se lle pague ou abone a dedicación parcial, o informe emitido conxuntamente pola Intervención e Secretaría municipais é claro, para que

o Sr. Varela Tejedor poida cobrar a dedicación parcial requírese que se lle recoñeza a compatibilidade no Concello de Culleredo. Agora ben, os Sres. concelleiros poden adoptar o acordo que estimen oportuno.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o problema é ese, se o que se pretende é sinxelamente dar coñecemento, eles o que teñen que facer é solicitar a retirada do punto porque eles non se dan por enterados dun informe que non existiu, nin dunha declaración do Concello de Culleredo que non existiu.

Pola secretaria manifféstase que si que se teñen que dar por enterados, por canto no expediente consta un escrito do Concello de Culleredo onde o Sr. alcalde entende que non é necesaria a compatibilidade, entón, non hai tal compatibilidade. Conclúe dicindo que non saben que informe van tomar como referencia. Está claro que no informe emitido pola Intervención e Secretaria municipais se di que para que se poida cobrar a dedicación parcial se necesita a compatibilidade. Neste momento estase dando conta de que en Culleredo din que non, entón non é necesario volver repetir que neste momento non poden cobrar a dedicación parcial, agora ben, se o estiman conveniente poden adoptar o acordo de que se lle pague a dedicación parcial, aínda que aquí poña coñecemento. Están tratando un asunto, e o asunto é o mesmo, se os Sres. concelleiros consideran tratalo aquí, non sería necesario convocar outro pleno para adoptar o acordo, pois verdaderamente é o mesmo asunto, é dicir, o alcalde de Culleredo comunica que non necesita a compatibilidade, no Concello de Cambre as funcionarias informantes din que si necesita a compatibilidade e, polo tanto, mentres non se dea conta ao pleno de ese recoñecemento da compatibilidade, segundo se dicía no pleno do 13 de xullo, non se pode aboar a dedicación. De feito, non se deu conta ao pleno de nada relacionado con este tema. Deuse conta ao pleno dunhas solicitudes duns concelleiros que solicitaron que se lles baixe a dedicación parcial, e por iso se trouxeron eses escritos ao pleno cunha proposta de acordo para baixar a dedicación parcial para que eles poidan continuar a tramitación oportuna no organismo correspondente, pero neste caso dinnos que non é necesario, e nós no noso informe mantemos que é necesario, non se lle pode dar máis voltas ao asunto pois do informe emitido se deriva que se necesita a compatibilidade, o mesmo se dixo para o 13 de xullo, que se está dicindo agora. Agora ben, se se quere someter a votación que se pague ao Sr. Varela Tejedor a dedicación parcial, aínda cos informes en contra da Secretaría e Intervención municipais, se o queren adoptar, as responsabilidades tamén saben as que teñen e así o manifestou algún concelleiro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que, efectivamente, consta no expediente un escrito do alcalde de Culleredo onde se di que don Javier Varela Tejedor non necesita o recoñecemento da compatibilidade. Insiste en que existe un informe da

Intervención e Secretaría municipais e ese é o informe que debe prevalecer sobre o escrito do alcalde de Culleredo. Aquí non se debería votar nada, e se nalgún momento chega o informe de compatibilidade do pleno de Culleredo, xa se actuará en consecuencia nese momento, entón será o momento de votar como se fixo cos demais compañeiros cos escritos que presentaron, pero agora para el o que predomina é o informe emitido pola Intervención e Secretaría municipais e polos servizos xurídicos da Deputación, e non hai que dar máis voltas ao asunto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo engade que o pleno da corporación adoptou unha decisión avaliada polos informes xurídicos e para el van a misa, cando ademais hai outro informe técnico da Deputación que confirma no mesmo sentido ese informe, e só hai un, o de Culleredo, e unha opinión dun alcalde, que lle parece moi respectable pero que non lles pode motivar a adoptar unha decisión. Polo tanto, seguen á espera de que o pleno do Concello de Culleredo trate o asunto, o resolva, e o comunique.

A continuación, o Sr. alcalde solicita ao conserxe municipal que informe a don Francisco Javier Varela Tejedor que xa concluíu o debate e pode incorporarse ao salón de sesións para continuar coa orde do día.

Don Francisco Javier Varela Tejedor non se incorpora e o Sr. alcalde ordena que se continúe coa orde do día.

**6º <u>Mocións</u>**

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, previndo que o percorrido dialéctico do punto relativo á comparecencia fora nos termos nos que foi, os catro grupos municipais que solicitaron a comparecencia queren propoñer ao pleno que considere a urxencia da moción que pasa a ler integramente, relativa ás irregularidades detectadas no proceso de selección de cinco prazas interinas de auxiliares administrativos.

O Sr. alcalde somete a votación ordinaria a urxencia da moción presentada. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou declarar de urxencia a moción presentada e levar a cabo o seu debate.

A) **Moción conxunta dos grupos municipais do PP, BNG, EU-IU e GM (PG) respecto das irregularidades detectadas no proceso de selección de cinco prazas interinas de auxiliares administrativos**

Presentada no mesmo acto do pleno que se está desenvolvendo, está asinada polos voceiros dos grupos municipais do PP, BNG, EU-IU e GM (PG), con data 31 de xaneiro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

"A situación de alarma xerada polos indicios de malas prácticas e irregularidades en procedementos de selección de persoal funcionario no Concello de Cambre, baixo a responsabilidade do 1º tenente de alcalde, D. Javier Varela Tejedor, como concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior e, do alcalde, D. Antonio Varela Saavedra, como xefe nato de persoal e, máximo responsable do goberno, non foi debidamente esclarecida con motivo da comparecencia do Sr. Varela Tejedor á iniciativa dos grupos municipais do PP, BNG, EU e PG, no pleno ordinario do Concello de Cambre de 31 de xaneiro de 2008.

As preguntas e esixencia de explicación dos diferentes grupos políticos non obtiveron respostas satisfactorias por parte dos responsables políticos citados. Antes ben, este debate en pleno, só contribuíu a acrecentar e fortalecer as sospeitas de irregularidades e de vicios que, supuxeron unha vulneración dos dereitos das persoas que concursaron no proceso de selección de auxiliares administrativos do pasado mes de agosto de 2007, na medida en que non se seguiron os principios de mérito e capacidade á hora da selección final.

Por estes motivos o pleno do Concello de Cambre, despois de sometido a votación, aproba as seguintes resolucións:

1º Remitir unha copia do expediente completo deste proceso de selección de persoal ao Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Incluirá toda a documentación do expediente deste pleno relacionada co asunto.

2º Remitir, así mesmo, outra copia ao Valedor do Pobo.

3º Encargar ao Departamento de Persoal do Concello de Cambre que emita un informe sobre os trámites, xestión e conclusión deste expediente de selección de persoal, que terá que ser entregado aos voceiros dos grupos municipais antes do seguinte pleno ordinario. Nunca

despois do vindeiro xoves, 21 de febreiro. Neste informe daráselle especial atención a responder ás preguntas formuladas polos distintos GGMM nesta sesión plenaria.

4º Así mesmo, seralles remitida, ao Fiscal e ao Valedor do Pobo, a acta deste pleno unha vez sexa aprobada."

Sometida a votación ordinaria, votan a prol da moción os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE.

A corporación, por catorce votos a prol, aprobou a moción presentada tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde informa que se tratará a moción presentada en prazo polo grupo municipal de EU-IU, e que tras ela se decidirá se se tratan as mocións presentadas polo BNG, xa que estas non cumpren co prazo de presentación que fixa o Regulamento orgánico municipal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que non van discutir o tema dos prazos, pero ven sendo unha práctica habitual de todos os grupos que o luns se metía toda a documentación do pleno e o das comisións informativas o sábado. Presentaron as mocións este luns xunto cos rogos e preguntas e fíxose este comentario. Tres das mocións non merecen debate, pois cre que van a ser aceptadas por unanimidade, unha é a de correos, outra a relativa á supresión da tarifa nocturna e outra de solidariedade co Sáhara, e a outra, que é a que quere someter á consideración de todos pois é unha preocupación que teñen todos, é a relativa á seguridade nas instalacións de distribución de gas no territorio municipal. Respecto das tres primeiras propón que, aínda que non fora necesario lelas, que se aproben, agás que haxa algunha suxestión ou estean en contra, pero quere someter á declaración de urxencia a relativa ao tema do gas.

O Sr. alcalde contesta que se se admiten é sentar un precedente, polo que propón que, no primeiro pleno que haxa, que se inclúan.

Don Henrique Xabier Iglesias volve repetir que o tradicional era que se presentasen o luns, e sempre se deron por válidas as mocións, rogos e preguntas.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que a urxencia da moción ten a súa razón de ser. Hai un momento, don Henrique Xabier Iglesias votou a urxencia dunha moción porque

hai un clima importante e todo o mundo entende que en situacións como esta, estea a prol ou en contra, pois pode ter sentido votar a urxencia da moción. Pero nos temas que expón, como o do gas, o partido de EU-IU, presenta temas sobre este aspecto, que abordarán cando teña que responder ás preguntas. Os temas que expón o BNG van ser tratados cando se traten as preguntas presentadas por outros grupos políticos, polo que o PSOE entende que non fai falta, pois ademais votar a urxencia da moción sería viciar este procedemento que está para situacións extraordinarias como pode ser a que se acaba de tratar no punto anterior e non neste suposto en que se pasou no prazo para presentalas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que non se pasaron o prazo, utilizaron o mesmo prazo que viñan utilizando regularmente todos os grupos políticos, agora ben, se por cuestións do regulamento se quere evitar que haxa un debate e unha toma de decisión sobre un tema tan importante e preocupante como o do gas e que se convirta nun rogo ou en preguntas, pois que se faga, pero iso é unha decisión política.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, pide a don Henrique Xabier Iglesias que non faga extensivos os seus erros aos demais grupos políticos, pois o PP sempre presentou as mocións, rogos e preguntas en tempo e forma.

O Sr. alcalde conclúe que como entraron fóra de prazo vaise cumprir co regulamento e a única moción que se vai tratar é a moción presentada por EU-IU.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide que polo menos, a primeira delas, referente ao gas, que se someta a declaración de urxencia e que os concelleiros e concelleiras que tomen a súa decisión.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que apoia que se someta a declaración de urxencia a moción do gas pois é un tema que preocupa a moita xente, pero cunha salvidade, que se lea despois da presentada polo grupo de EU-IU, pois presentouse en tempo e forma.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) <u>Moción do grupo municipal de EU-IU sobre información dos representantes da corporación en órganos colexiados</u>**

Rexistrada de entrada ao número 811 o día 25 de xaneiro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

"No pleno municipal do día 13 de xullo de 2007, aprobouse unha proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados. O grupo municipal de EU-IU manifestou a súa abstención considerando que non correspondía ao noso grupo a decisión de tales nomeamentos. Engadiu ademais o noso grupo (e así o recolle a propia acta do pleno) *"Que sería co tempo cando poidamos determinar se foi correcta a designación"*.

Transcorridos máis de seis meses da constitución da nova corporación municipal, botamos en falta información referida ás xestións levadas a cabo polos representantes da corporación en órganos colexiados, tendo en conta a súa importancia, sobre todo no referente ao relacionado cos centros de educación de ensino.

Como sinalamos ao comezo da moción o pleno facultou no seu día a varios concelleiros do grupo de goberno, para que nos representen nos ditos organismos, non só para cubrir un cargo de tipo corporativo, senón para dar conta aos cidadáns e aos seus representantes sobre as xestións e decisións levadas a cabo.

O grupo municipal de EU-IU, non lle anima outra motivación que a propia de exercer o control e fiscalización das tarefas de representación que contemplan as leis, en función do cargo polo cal fomos elixidos polos veciños/-as de Cambre. Demandando así toda a información dos responsables institucionais que teñen atribuída a responsabilidade de representar a corporación nos mencionados órganos, expoñendo coa máxima claridade a situación actual.

Con isto demandamos o dereito que teñen os cidadáns en xeral e os seus representantes en particular, a estar informados das xestións delegadas realizadas polos representantes da corporación.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Que se nos informe das actividades e xestións realizadas polos representantes municipais, nos seguintes órganos:

- Mancomunidade de municipios da Área da Coruña
- Consorcio das Mariñas

- Consello Escolar Municipal
- Consellos escolares nos distintos centos de ensino
- Comisión de escolarización
- Fundación Wenceslao Fernández Flórez”

O Sr. alcalde explica que son varias as áreas ás que afecta esta moción. Respecto da Mancomunidade de municipios dicir que se atopa paralizada dende hai oito anos, e no que se refire ao Consorcio das Mariñas, están recollendo toda a información existente para facilitárllela.

Respecto do Consello Escolar, explica don Jaime Manuel López Lisnier, que se constituiu no ano 2001, e que dende hai 6 ou 7 anos non se reúne, polo que se fai necesario actualizar totalmente a súa situación, sobre todo no que se refire aos membros que o integraban.

Continúa dicindo que respecto dos concellos escolares nos distintos centros recopilarase toda a documentación e daráselles traslado dela, e o mesmo respecto da Comisión de escolarización da que tiveron onte a última reunión ata o momento.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta a necesidade de que se lles informe da situación en que se atopan os distintos centros escolares, sobre todo ante o risco de que se creen problemas na escolarización dos nenos por falta de prazas. Tamén solicita que se lles informe de como está o tema da cesión de terreos aos centros, as reparacións que estes necesitan, etc., e considera que o lugar para debater estes problemas sería precisamente o Consello Escolar municipal.

A continuación, refírese ao Consorcio das Mariñas, e explica que se tiveron que enterar a través dos medios de comunicación de que hai concellos que están a negociar unha rebaixa no recibo do lixo para aqueles veciños aos que non chega o camión da recollida, mentres que cando eles expuxeron nun pleno estes mesmos problemas, que estaban a ter algúns veciños de Cambre e que viñan ocasionados pola estreiteza dos camiños que impedían o paso dos camións, só recibiron unha vaga resposta sobre que se ía comunicar este asunto ao Consorcio. E por casos como este é polo que queren coñecer que están a facer os representantes designados polo Concello de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que se preparará un dossier con toda a información que haxa, pero quere deixar claro que en ningunha das reunións do Consorcio se tratou ese tema da rebaixa.

Don Luis Miguel Taibo Casás amosa a nota de prensa onde se fai constar que un edil de Betanzos negocia co Consorcio das Mariñas a redución do recibo de recollida de lixo onde non chegan os camións e, para que non haxa dúbidas do que se trata, solicita copia das actas das sesións que se leven a cabo no Consorcio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, solicita que tamén se lles pase información sobre a actividade que se leva a cabo noutros dous organismos nos que o Concello de Cambre ten representación, concretamente no Grupo de Acción Local Terra das Mariñas e no Fondo Galego de Cooperación.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e somete a votación ordinaria a moción presentada, coa modificación proposta polo voceiro do BNG. Votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por vinte votos a prol, acordou aprobar a moción que consta da seguinte parte dispositiva:

Que se informe a todos os grupos municipais das actividades e xestións realizadas polos representantes municipais, nos seguintes órganos:

- Mancomunidade de municipios da Área da Coruña
- Consorcio das Mariñas
- Consello Escolar Municipal
- Consellos escolares nos distintos centos de ensino
- Comisión de escolarización
- Fundación Wenceslao Fernández Flórez
- Grupo de Acción Local Terra das Mariñas
- Fondo Galego de Cooperación

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, e solicita que, dada a importancia e actualidade do asunto, e sen entrar a valorar se se presentou ou non en prazo, se vote a urxencia da moción presentada polo seu grupo relativa á seguridade nas instalacións de distribución de gas.

O Sr. alcalde acepta a súa petición, e fóra da orde do día, somete a votación ordinaria a urxencia da moción. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PSdeG-

PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, motiva a abstención do seu grupo por canto se existe un Regulamento orgánico municipal é para cumprilo, e se o BNG o presentou tarde non é problema da corporación, non obstante, votan a prol da moción.

A corporación, por trece votos a prol, acordou a declaración de urxencia da moción que se transcribe a continuación:

**C) Moción do grupo municipal do BNG respecto de establecemento de medidas de seguridade nas instalacións de distribución de gas no territorio municipal**

Rexistrada de entrada ao número 839 o día 28 de xaneiro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

"O pasado 11 de xaneiro aconteceu un accidente no Graxal que puido ter gravísimas consecuencias. Afortunadamente os danos as persoas foron mínimos e os materiais sempre teñen remedio. Pero este acontecemento débenos valer para facer unha reflexión seria sobre a seguridade e os medios que poñemos para reducir ao máximo o risco. Por sorte, esta rotura dunha condución de gas, e o posterior incendio, resolveuse sen danos irreparables.

O sorprendente do caso non foi o accidente, o sorprendente foron as declaracións do noso alcalde que, coma sempre, asume un papel de vítima, de agredido, de sorprendido, como se non fora o seu papel outro, o de responsable do que no noso territorio acontece cando, como neste caso, estamos a falar de seguridade en instalacións nas que o concello tamén concede licenzas.

E claro, sucederá o de sempre, que ao final os veciños cargarán contra todos os que teñen responsabilidade e, o concello como o que máis. Resultará, ao final, que todos os veciños e veciñas de Cambre teremos que pagar pola irresponsabilidade e a falta de control das nosas autoridades locais.

Podemos asumir a actitude de mirar para outro lado, de desentendérmonos, até que aconteza o que ninguén quere. Ou podemos por todos os recursos municipais para a probabilidade de accidente sexa practicamente nula.

Non é de recibo o tempo transcorrido para o corte de subministración, non é aceptable o cúmulo de versións contraditorias, de non saber o que facer en momentos de máximo perigo.

Debemos, desde este pleno, facer patente a nosa felicitación a todas as persoas que interviñeron para paliar os danos, a nosa policía local, protección civil, os servizos sociais municipais, bombeiros, garda civil. Mesmo a disposición de varios concelleiros e concelleiras do goberno e tamén da oposición que, desde o primeiro momento estiveron á disposición do que foxe necesario para axudar ás persoas afectadas.

Iso, que é de xustiza recoñecer, non serve para tapar a cadea de irresponsabilidades e neglixencias que puideron dar lugar a consecuencias irreparables. Fixémonos na prevención antes que na curación. Sobre todo cando non é o primeiro caso. Hai pouco ocorreu algo parecido na Costa da Tapia, foi un aviso pero semella que non se entendeu. Agardemos que o do 11 de xaneiro nos faga chegar ás conclusións acertadas.

Neste sentido, o grupo municipal do BNG, consideramos que se debe ter unha actitude decidida e firme por parte do goberno local para evitar no posible os accidentes e, desde logo, impedir que as súas consecuencias acaden cotas de traxedia. Non vale con estar "a velas vir" e, despois, botarlle a culpa a outros. Os veciños e veciñas queren un goberno que exerza e que actúe.

Por estes motivos sometemos á consideración do pleno do Concello de Cambre a aprobación dos seguintes acordos:

1- O Concello de Cambre exercerá iniciativas de reclamación de responsabilidades e danos contra todos os actores neste accidente, empresa promotora das obras, empresas contratadas e sub-contratadas para a execución das obras, compañía propietaria e xestora das conducións de gas.

2- O Concello de Cambre esixirá da compañía propietaria da canalización de gas unha auditoría técnica completa de todas as instalacións que discorren por territorio municipal, incluíndo os protocolos de seguridade imprescindibles para actuar en accidentes deste tipo. Nestes protocolos de seguridade e prevención deben quedar establecidas as actuacións a desenvolver en caso de accidentes.

3- Elaborar un protocolo de actuacións de emerxencia, relativo ás instalación de gas no concello. Facendo especial forza nos aspectos de prevención.

4- Instruír o correspondente expediente informativo para delimitar as responsabilidades a que houbera lugar neste accidente e, trasladar á Consellaría de Innovación e Industria todos os datos a fin de que exerza o control e fiscalización sobre as empresas que actuaron neste suceso."

Sometida a votación ordinaria a aprobación da moción, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada tal e como aparece transcrita.

**7º <u>Informes da Alcaldía</u>**

Non foi utilizado este punto.

**8º <u>Rogos e preguntas</u>**

**<u>Rogos do PP presentados por escrito</u>**

Rexistrados de entrada ao número 849 o día 28 de xaneiro de 2008.

1º Numerosos veciños da rúa Francisco Añón e rúas adxacentes (Parroquia do Temple), puxéronse en contacto con concelleiros do grupo popular para denunciar o estado en que se atopa a citada rúa así como a rúa Polígono e o acceso á autoestrada a consecuencia dos restos de terra despositados polos camións que están efectuando o desentullo e o desmonte das obras que se están a levar a cabo na rúa Francisco Añón, sen proceder á obrigatoria limpeza da calzada por parte das empresas que levan a cabo os traballos. Por iso o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que inste ás empresas que realizan as obras na zona a que cumpran coas súas obrigas de limpeza da vía para que non ocasionen un problema manifesto de seguridade viaria.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa se puxeron en comunicación coas empresas e que estas xa están a limpar as zonas afectadas. Cando finalicen as obras dentro de dúas semanas, será cando se faga a limpeza xeral, e para facilitar este traballo sinalizaranse as rúas para que non aparque ningún vehículo.

2º No lugar de Lamiño e Lendoiro (Cecebre) existe unha gran preocupación dos veciños porque a día de hoxe non está operativo o servizo de saneamento a pesar de estar máis de dous anos de obras e téndose comprobado que non se finalizaron estas, é por iso que o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que informe:

- En que punto se atopan as obras
- En que data se ten previsto facer a súa recepción
- Seguimento e control que se leva dunha boa execución das obras
- Cando entrará en servizo o saneamento

Ante a gran preocupación xerada entre os veciños o grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que explique que intencións de cumprir coas promesas realizadas así como que informe aos veciños da situación actual das obras mencionadas.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que espera que as obras estean terminadas en dous ou tres meses. En canto á información que se lle dá aos veciños, contesta que todo veciño que acude á casa do concello é informado do estado das obras que se realizan en calquera parroquia de Cambre.

En canto ao saneamento agarda que tamén estea nun prazo de dous ou tres meses, pero non pode precisar a data porque están pendentes dos bombeos

3º Como consecuencia da inauguración da praza Médico Enrique Piñeiro no núcleo de Cambre, modificouse a situación do paso de peóns existnte na rúa Cruceiro realizando o seu pintado nunha nova zona á anteriormente existente e, ao non ter eliminado dun xeito claro o paso de peóns antigo (sobre todo o tramo que se atopa do lado da beirarrúa de en fronte á mencionada praza) estase xerando unha grande inseguridade viaria, tanto aos peóns como aos vehículos que circulan pola citada vía, por todo o exposto anteriormente o grupo municipal popular roga ao goberno local de Cambre que proceda ao correcto pintado e sinalización do paso de peóns existente, así como á correcta anulación do antigo para non xerar confusión aos viandantes e condutores e con iso evitar posibles accidentes dos cales nos poidamos lamentar.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa se deu traslado á brigada de obras e en breve será arranxado.

**<u>Rogos do BNG presentados por escrito</u>**

Rexistrado de entrada ao número 839 o día 28 de xaneiro de 2008.

1º A pesar de que no follleto publicitario das escolas deportivas municipais de 2008 figura a oferta de escola deportiva municipa de judo de 6 a 17 anos, encontrámonos con que se suprimiu, supoñemos por un erro, o terceiro bloque de idade, entre os 12 e os 17 anos.

Na medida en que aínda se está en tempo, acaban de empezar as actividades, solicitamos que se corrixa esta supresión e que se oferten de novo, como viña sendo tradicional, as actividades de Judo ata os 17 anos.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si houbo un erro, e que debería poñer de 6 a 12 anos, xa que este ano os rapaces de 12 a 17 anos son, na súa maioría, rapaces federados que participan en competicións a nivel galego e nacional. As actividades municipais están pensadas como escolas de base, e estes rapaces necesitaban como mínimo unha hora máis de entrenamento para o cal, a maior parte, xa asisten ao club de judo que existe neste concello. A razón non foi económica, xa que os rapaces ata os 12 anos que asisten a esta actividade municipal pagan 13 euros por dúas horas de clase, mentres que os rapaces que acuden tres horas ao club pagan 17 euros.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que entende que a razón non foi económica, pero que ao seu grupo lle causou estraneza, xa que hai rapaces federados que precisamente acadaron ese nivel grazas á escola deportiva municipal, que é emblemática dentro do municipio, e precisamente coñece o caso dalgúns rapaces que, residindo na actualidade no Concello de Oleiros, seguen a asistir á escola deportiva municipal de Cambre polo seu bo nivel.

Por outro lado, solicita do Sr. concelleiro de Deportes que examine, e despois lles informe, sobre a situación legal do recentemente creado club de judo de Cambre, xa que a única información coa que eles contan é unha carta de presentación deste novo club, e se ben coñecen ás persoas que o integran, por tratarse precisamente das mesmas que prestaban o seu servizo na escola deportiva municipal, o que non saben é se se trata dunha entidade legalizada, cuberta polo seguro de reponsabilidade civil correspondente, que conta cos permisos correspondentes, etc.

**Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao número 811 o día 25 de xaneiro de 2008.

Don Luis Miguel Taibo Casás dá o primeiro rogo por contestado, xa que o Sr. alcalde xa respondeu nas pasadas comisións informativas unha pregunta que en similares termos tiña presentado o BNG.

2º A iniciativa pública, neste caso de carácter municipal, é unha das principais ferramentas para contribuír dende a administración a contribuír razonablemente a necesidade de vivenda tal e como ven recollido na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

A eficacia das administración públicas en materia de vivenda, pasa ante todo, por un coñecemento profundo da realidade da demanda no noso concello.

O noso grupo, prega ao goberno municipal a creación dun rexistro municipal de demandantes de vivendas, con algún tipo de protección que permita coñecer aos representantes dos veciños/-as na corporación municipal, as necesidades existentes, dos cidadáns de Cambre.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que consideran que o correcto sería pedir esta información á Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, na que xa existe un rexistro sobre esta materia. Ademais ese é o rexistro que a maior parte dos cidadáns mellor coñece, mentres que se se crea un rexistro municipal a súa trascendencia sería moito menor.

Don Luis Miguel Taibo Casás considera que é obrigación do concello, como administración máis cercana ao cidadán, facilitar o seu acceso á formalización dunha solicitude de vivenda.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que a creación dun rexistro municipal o único que suporía sería xerar grandes gastos administrativos en tarefas de información e comunicación aos veciños, sen que con iso se mellorase nin a cantidade nin a calidade da información que xa consta no rexistro autonómico. Non obstante, se o Sr. concelleiro de EU-IU insiste, e se o único do que se trata é de levar un rexistro de solicitantes, tampouco habería maior problema en crealo.

Respecto do 3º rogo presentado, don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, manifesta que xa foi contestado, pero queren facer constar en acta que o tema do estado en que se atopa a rúa Francisco Añón xa foi denunciado polo seu grupo nos medios de comunicación hai tres semanas.

**<u>Rogos do GM (PG) presentados por escrito</u>**

Rexistrados de entrada ao número 861 o día 28 de xaneiro de 2008.

1º Rogo se me informe de cales son os motivos polos cales o equipo de goberno ten parada a construción da beirarrúa que vai dende o Mesón Vasco a Aián pola Xira e cal é a previsión para a súa realización.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que xa explicou este tema noutros plenos. Esa obra está rematada xa que se fixo ata onde existía disponibilidade de terreos. Finalizada esa primeira fase agora haberá que seguir cos proxectos de expropiación ou cesión.

2º Tralos últimos incidentes producidos nas instalacións subterráneas no noso concello rogo se me informe que medidas vai levar a cabo o equipo de goberno para evitar que se repitan.

O Sr. alcalde refírese á moción que se aprobou neste mesmo pleno. Engade que pediron informes a Fenosa, á empresa do gas, e a Protección Civil, e están a elaborar un informe para enviar a Industria.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que non é só polo tema do gas do que se falou estes días, senón que tamén é importante tomar conciencia doutras moitas instalacións, como son as de Telefónica, Fenosa, R, as da auga, as da rede de sumidoiros, etc, e todas teñen un certo perigo.

3º Hai algún tempo que o concelleiro Sr. Salcines comunicou aos grupos da oposición a súa intención de cambiar a colocación da parada de taxis de Cambre para a rúa Wenceslao Fernández Flórez (fronte ao museo). Rogo se me informe da situación actual do traslado.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que o que el fixo no seu día foi preguntar, de maneira informal, aos representantes dos distintos grupos políticos municipais que pensaban da posibilidade de variar a actual parada de taxis de Cambre, xa que entendía que había un interese popular por trasladala fóra do Campo da Feira. A suxestión dalgúns destes concelleiros, dirixiuse aos propios taxistas para consultarlles sobre esta posiblidade, e foron eles os que propuxeron a posibilidade da rúa Wenceslao.

Tamén lle solicitou á Policía Local que informase sobre as mellores opcións existentes, e cando teña o informe pensa reunirse cos representantes dos taxistas para estudar as distintas posibilidades, xa que a súa intención é dialogar e consensuar.

Don Manuel Marante Gómez responde que o que ocorre é que el falou esta mesma semana con varios dos taxistas afectados e non saben nada do tema, e ademais ofrecéronlle varias razóns polas que non estarían de acordo coa posibilidade de trasladarse á rúa Wenceslao Fernández Flórez. Non quere dicir que isto sexa culpa do Sr. Salcines, pero quere que saiba que moitos dos afectados non están ao tanto do que se está a tratar.

Neste momento o Sr. alcalde, dado que son as doce horas da noite, e de conformidade co establecido no artigo 103 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que as preguntas presentadas polos grupos políticos para tratar neste pleno serán tratadas no próximo pleno que se convoque, e levanta a sesión, do que eu, secretaria, certifico.

| | |
|---|---|
| O presidente | A secretaria |
| Antonio Varela Saavedra | Mª Luisa de la Red Ampudia |